



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 129

Sesión plenaria
27 de setembro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 55751, 10/DEBA-00003)



SUMARIO

Retómase a sesión ás once e cinco minutos da mañá.

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Continuación.)

O señor presidente comunícalle á Cámara o modo no que se vai desenvolver o debate sobre as propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios. (Páx. 10.)

A señora secretaria (Arias Rodríguez) dá lectura aos acordos da Mesa sobre as propostas de resolución. (Páx. 10.)

Debate das propostas de resolución

Rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa das súas propostas de resolución: Sra. Vázquez Verao (M) (Páx. 12.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 18.), Sra. Chao Pérez (GCE) (Páx. 23.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 29.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 36.)

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse sobre as propostas de resolución dos demais grupos: Sra. Vázquez Verao (M) (Páx. 42.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 45.), Sra. Chao Pérez (GCE) (Páx. 47.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 51.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 54.)



Votación das propostas de resolución

Votación das propostas de resolución transaccionadas

Votación da proposta de resolución 56478, resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Mixto sobre a proposta de resolución número 16 do G. P. Mixto: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Votación da proposta de resolución 56479, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Mixto sobre a proposta de resolución número 8 do G. P. Mixto: *aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Votación da proposta de resolución 56480, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Mixto sobre a proposta de resolución número 37 do G. P. Mixto: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Votación da proposta de resolución 56481, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Mixto sobre a proposta de resolución número 33 do G. P. Mixto: *aprobada por 67 votos a favor, ningún en contra e 6 abstencións.* (Páx. 58.)

Votación da proposta de resolución 56482, resultante da transacción entre o G. P. Grupo Común da Esquerda e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 23 do G. P. Grupo Común da Esquerda: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

Votación da proposta de resolución 56483, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Grupo Común da Esquerda sobre a proposta de resolución número 8 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 27 votos a favor, 41 en contra e 6 abstencións.* (Páx. .)

Votación da proposta de resolución 56484, resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Grupo Común da Esquerda sobre a proposta de resolución número 7 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 19 votos a favor e 54 en contra.* (Páx. 59.)

Votación da proposta de resolución 56485, resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Grupo Común da Esquerda sobre a proposta de resolución número 20 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 20 votos a favor, 40 en contra e 13 abstencións.*(Páx. 59.)

Votación da proposta de resolución 56486, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Mixto sobre a proposta de resolución número 9 do G. P. Mixto: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)



Votación da proposta de resolución 56488, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 5 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por 54 votos a favor, 20 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

Votación da proposta de resolución 56489, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 31 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Votación da proposta de resolución 56490, resultante da transacción entre o G. P. Grupo Común da Esquerda e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 35 do G. P. Grupo Común da Esquerda: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Votación da proposta de resolución 56491, resultante da transacción entre o G. P. Grupo Común da Esquerda e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 38 do G. P. Grupo Común da Esquerda: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Votación da proposta de resolución 56493, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia, o G. P. Mixto e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 29 do G. P. dos Socialistas de Galicia e a número 39 do G. P. Mixto: *aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Votación da proposta de resolución 56494, resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 9 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Votación da proposta de resolución 56499, resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 17 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego *aprobada por 64 votos a favor, 10 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Votación da proposta de resolución 56500, resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 25 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación da proposta de resolución 56501, resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 27 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)



Votación da proposta de resolución 56502, resultante da transacción entre o G. P. Grupo Común da Esquerda e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 4 do G. P. Grupo Común da Esquerda: *aprobada por 55 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.* (Páx. 61.)

Votación da proposta de resolución 56503, resultante da transacción entre o G. P. Mixto e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 31 do G. P. Mixto: *aprobada por 58 votos a favor, 10 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 61.)

Votación da proposta de resolución 56504, resultante da transacción entre o G. P. Mixto e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 23 do G. P. Mixto: *aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación da proposta de resolución 56505, resultante da transacción entre o G. P. Mixto e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 33 do G. P. Mixto: *aprobada por 58 votos a favor, 10 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 61.)

Votación da proposta de resolución 56506, resultante da transacción entre o G. P. Mixto e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 35 do G. P. Mixto: *aprobada por 64 votos a favor, 10 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación da proposta de resolución 56509, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 13 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 60 votos a favor, 4 en contra e 10 abstencións.* (Páx. 62.)

Votación da proposta de resolución 56510, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 11 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 64 votos a favor, 4 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 62.)

Votación da proposta de resolución 56511, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 32 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 70 votos a favor, 4 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación da proposta de resolución 56512, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 23 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 64 votos a favor, 10 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación da proposta de resolución 56513, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 31 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, 10 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 63.)

Votación da proposta de resolución 56514, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 33 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, 16 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)



Votación da proposta de resolución 56515, resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto sobre a proposta de resolución número 38 do G. P. Popular de Galicia e a número 28 do G. P. Mixto: *aprobada por 58 votos a favor, 16 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. Mixto

Votación da proposta de resolución número 14 do G. P. Mixto: *rexeitada por 20 votos a favor, 54 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación da proposta de resolución número 24 do G. P. Mixto: *aprobada por 61 votos a favor, ningún voto en contra e 13 abstencións.* (Páx. 63.)

Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. Mixto: *rexeitada por 14 votos a favor, 54 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 64.)

Votación das propostas de resolución números 25 e 32 do G. P. Mixto: *aprobadas por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación das propostas de resolución números 26 e 30 do G. P. Mixto: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación das propostas de resolución números 1, 3, 11 e 21 do G. P. Mixto: *rexeitadas por 20 votos a favor, 41 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 64.)

Votación das propostas de resolución do G. P. Mixto agás as xa votadas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Votación das propostas de resolución números 5 e 12 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 20 votos a favor, 54 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación das propostas de resolución números 6 e 29 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 20 votos a favor, 54 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación das propostas de resolución números 1, 2, 4, 8, 10, 11, 16, 21, 24, 26, 30, 33, 34, 35 e 38 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 20 votos a favor, 41 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 65.)

Votación das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego agás as xa votadas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)



Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. Grupo Común da Esquerda

Votación da proposta de resolución número 5 do G. P. Grupo Común da Esquerda: *aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación das propostas de resolución números 2 e 32 do G. P. Grupo Común da Esquerda: *rexeitadas por 20 votos a favor, 54 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación das propostas de resolución números 1, 3, 6, 7, 9, 14, 18, 22 e 26 do G. P. Grupo Común da Esquerda: *rexeitadas por 21 votos a favor, 41 en contra e 12 abstencións.* (Páx. 65.)

Votación das propostas de resolución do G. P. Grupo Común da Esquerda agás as xa votadas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. dos Socialistas de Galicia

Votación das propostas de resolución números 3 e 37 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 27 votos a favor, 47 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación das propostas de resolución números 2, 10, 16 e 40 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 27 votos a favor, 41 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 66.)

Votación das propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia agás as xa votadas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. Popular de Galicia

Votación da proposta de resolución número 1 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 51 votos a favor, ningún en contra e 23 abstención.* (Páx. 66.)

Votación da proposta de resolución número 2 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 54 votos a favor, 20 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación da proposta de resolución número 12 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 4 en contra e 29 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación da proposta de resolución número 16 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 51 votos a favor, 4 en contra e 19 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación da proposta de resolución número 10 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 67.)



Votación da proposta de resolución número 28 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 26 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación da proposta de resolución número 24 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 10 en contra e 23 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación da proposta de resolución número 20 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 45 votos a favor, 10 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación da proposta de resolución número 26 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 45 votos a favor, 16 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación da proposta de resolución número 39 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación da proposta de resolución número 34 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 60 votos a favor, 4 en contra e 10 abstencións.* (Páx. 68.)

Votación da proposta de resolución número 30 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 54 votos a favor, 14 en contra e 16 abstencións.* (Páx. 68.)

Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 53 votos a favor, 10 en contra e 10 abstencións.* (Páx. 68.)

Votación das propostas de resolución números 4 e 25 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 54 votos a favor, 20 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Votación das propostas de resolución números 21 e 29 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 45 votos a favor, 16 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 68.)

Votación das propostas de resolución números 27 e 37 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 47 votos a favor, 14 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 68.)

Votación das propostas de resolución números 3, 6, 7, 8, 18 e 22 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 41 votos a favor, 14 en contra e 19 abstencións.* (Páx. 68.)

Votación das propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia agás as xa votadas: *aprobadas por 41 votos a favor, 20 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 68.)

Remata a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde.



Retómase a sesión ás once e cinco minutos da mañá.

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Continuación.)

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Comezamos a sesión desculpando a asistencia de dona Concepción Burgo, a quen lle desexamos unha pronta recuperación.

Corresponde hoxe o debate e a votación das propostas de resolución.

O desenvolvemento da sesión farase tendo en conta o Acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces do día 17 de decembro, e farase do seguinte xeito: anuncio de agrupación e votación separada das propostas de resolución para a votación conforme a información recibida polos grupos parlamentarios; rolda de intervención dos portavoces dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global de todas as propostas de resolución por un tempo de vinte minutos por grupo parlamentario, e rolda de fixación de posición dos grupos parlamentarios en relación coas propostas doutros grupos por un tempo de dez minutos por grupo parlamentario. E, por último, votariamos as propostas de resolución.

Entón, en primeiro lugar, concédeselle a palabra á secretaria da Cámara para que dea lectura ao Acordo da Mesa sobre as propostas de resolución admitidas pola Mesa e a súa agrupación para as votacións.

Cando queira.

A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez): Grazas, presidente.

«Acordo de cualificación e admisión a trámite das propostas de resolución.

1. A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 26 de setembro de 2019, examinou as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2019.

Abriuse un prazo ata as 13.45 horas desa data para que o Grupo Parlamentario Mixto reformulase a proposta de resolución número 1; por o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, as propostas de resolución números 2, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 20, 21, 24, 25, 27 e 38, e o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, as propostas de resolución números 23, 25 e 26, co obxecto de axeitalas ao disposto no artigo 141 bis.4 do Regulamento do Parlamento de Galicia e aos criterios de cualificación establecidos pola Mesa da Cámara o 17 de setembro de 2019, logo da audiencia da Xunta de Portavoces.

Para cumprir o requisito que impide a votación separada, a Mesa acordou que as propostas non debían conter apartados numerados ou identificados por letras.



Terminado o dito prazo, o Grupo Parlamentario Mixto, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presentaron reformuladas as ditas propostas de resolución.

En consecuencia, a Mesa adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Cualificación das propostas de resolución

a) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Mixto, documento número 56408: corenta propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite as propostas de resolución unha vez reformulada a proposta de resolución número 1, documento número 56433.

b) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, documento número 56413: corenta propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite as propostas de resolución unha vez reformuladas as números 2, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 20, 21, 24, 25, 27 e 38, documento número 56435.

c) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, documento número 57411: corenta propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite as propostas de resolución unha vez reformuladas as números 23, 25 e 26, documento número 56438.

En relación coa reformulación da proposta número 26 e tendo en conta o seu contido, a señora vicepresidenta segunda anuncia que o dito grupo parlamentario presentará unha corrección de erros. A Mesa delega na Presidencia a súa posterior cualificación.

d) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, documento número 56410: corenta propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite as corenta propostas de resolución.

e) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, documento número 56413: corenta propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite as corenta propostas de resolución.

Segundo. Advertencias normativas

1. En relación coas propostas polas que se crean órganos parlamentarios por resolución do Pleno, conforme o previsto no Regulamento e os precedentes, a súa creación está suxeita ao previo cumprimento dos requisitos regulamentarios exixidos para cada tipo de órgano.

2. Pola Resolución da Presidencia da Cámara do 26 de setembro de 2019, documento número 17118, admitiuse a trámite a corrección de erros á proposta de resolución número 26 efectuada no documento número 56447.

Terceiro. Acordo sobre as propostas de transacción e peticións de votación separada das propostas de resolución



1. A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 27 de setembro de 2019, logo de examinar as propostas de transacción e as peticións de votación separada de propostas de resolución, tendo en conta os citados criterios, adoptou o acordo que se ten comunicado no día de hoxe aos membros da Cámara.
2. As propostas de transacción implican o decaemento das propostas de resolución sobre as que se transacciona, polo que estas non se someterán á votación.
3. Someterase á votación a parte resolutiva e non a parte expositiva das propostas de resolución.»

É todo, presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, secretaria.

Comezamos, polo tanto, co debate das propostas de resolución, coa rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global das propostas de resolución.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Bo día.

«Hai unha desconexión da práctica política con respecto á práctica diaria da cidadanía», Alberto Núñez Feijóo *dixit*. Semella máis ben que se estaba a mirar no espello. Nós, en cambio, pensamos que quizais se estaba a mirar nese cadro que a xeito de Dorian Gray ten no faiado, esa famosa novela de Wilde na que un eternamente mozo Dorian ten un retrato no faiado que é o que vai envellecendo por el, que é o que se vai deformando segundo avanza a corrupción moral. Nós consideramos que ese cadro agochado, ás veces agochado da TVG, agochado, por suposto, dos discursos triunfalistas, ese cadro é a Galiza real.

E, efectivamente, a desafección da cidadanía coa política institucional afóndase conforme avanza a crise social. Porque por moito que digan os números que se dende 2014 saímos da recesión, a nivel social quedou un panorama desolador, con cálculos que xa falan da desaceleración económica, con tensións xeopolíticas que van afectar a economía galega, que —si que aquí o imos debater nesta sesión— o futuro non é, dende logo, esperanzador, cando aínda non superamos as consecuencias da gran recesión de 2008. Por moito que se afane o noso presidente en dicir que vivimos mellor que en 2009, ese cadro do faiado di que a nivel de poboación empregada aínda non superou o de 2008, que sesenta mil fogares galegos teñen todos os seus activos en desemprego e que cae a poboación activa, especialmente o grupo entre 20 e 29 anos.

Foi patente durante todo este debate que non lles interesan os datos que achega a oposición. Ben, poden fixarse nestes últimos, que son do informe 2018 que publican o Idega e a Afundación de Abanca, porque os datos non fan máis que afondar na diagnose: a recuperación macroeconómica ás portas dunha posible recesión non chegou á maioría social.



Máis datos pouco sospeitosos: IGE 2013–2016, o PIB medrou por riba do que o fixo a renda dos fogares galegos. A Axencia Tributaria, 2016, unha persoa do colectivo de máis ingresos galegos equivalía a 91 do colectivo de menores ingresos. No 2018, o único colectivo de ingresos que medrou en efectivo foi o de quen percibiu menos da metade do salario mínimo interprofesional. É dicir, estamos na década de que a Galiza mellorou; si a Galiza da década de Feijóo mellorou, pero mellorou para os máis ricos.

Hai un elemento esencial que dá unha medida do impacto da desigualdade e da inxustiza, e é o peso da remuneración do traballo asalariado no conxunto do PIB, e é que se en 2009 representaba case a metade do PIB, estamos en 2018 cun 42,4 %; dos niveis máis baixos do Estado e da Unión Europea. Esa converxencia coa UE e co Estado da que tanto se gababa Feijóo é esta: a converxencia tamén por abaixo en desigualdade.

Por fin, a crise podemos dicir —xa o podíamos dicir pero agora confírmase— que foi unha estafa para aumentar a riqueza do un por cento máis rico aquí e en todo o mundo. É esa, e non outras intencións que pretendía atribuír Feijóo, é o fondo da desafección política e dos seus monstros. Unha maioría social abafada pola precariedade e a deterioración dos servizos públicos, inerme ante unha instancia política que non é quen, que non somos quen de resolver os problemas e cumprir coa teórica función para a que fomos escollidas, unhas institucións que se puxeron do lado do rescate da banca pero non do lado do rescate social. Esa é a década de Feijóo, ese é o cadro do faiado deformado: unha Galiza en crise social, en crise ecolóxica e en crise feminista. *(Aplausos.)*

O panorama é tan brutal que se produciu un cambio substancial na estrutura do gasto das familias, aínda lembremos que hai un 40 % das que non chegan a final de mes. Segundo datos da enquisa de presupostos familiares do INE —entendemos que tampouco serán sospeitosos para o Partido Popular—, estes confirman que as familias galegas ocupan un 30 % dos seus ingresos en servizos básicos. E aquí temos outro dato que dá a medida desa década Feijóo: o gasto medio por fogar no noso país estaba en 2008 aínda 3.000 euros por riba do que está en 2018.

Pero é máis significativo que se reduciu o gasto en conceptos como a alimentación, coidado persoal, vestimenta, calzado, prensa e libros, mentres subiu o que hai que desembolsar pola subministración de auga e outros servizos básicos como é a vivenda. Dende o 2008, o gasto, por exemplo, en electricidade, gas e outros combustibles aumentou un 25,3 %. Así pois, a década Feijóo é a década do encarecemento dos custos da enerxía, sen que a Xunta fixera nada por ir á raíz do problema.

Por iso, En Marea hoxe traemos aquí unha resolución que defende mecanismos que rematen coa estafa da factura da luz, por iso propoñemos unha nova regulación do sector eléctrico e por iso —poderán comprobalo— unha das palabras que máis se repite nas nosas propostas de resolución é a enerxía. Enerxías renovables para frear a crise climática, enerxía como ben social para combater a crise social e industrial, con plans de transición industrial e de descarbonización, con impulso da autoxeración e do autoconsumo de enerxía solar e xeotérmica e cun plan efectivo de rehabilitación enerxética dos edificios.



Pero outro dato desa enquisa tamén revela que a vivenda ocupa xa dous de cada dez euros do gasto, ascendendo case un dez por cento dende 2008; pero é que no caso dos arrendamentos o gasto subiu un 51 %. E esta é outra das dimensións da crise desa década de Feijóo, a crise habitacional. Ese cadro do faiado devolve un panorama desolador no dereito á vivenda. Por iso, unha das nosas resolucións que agardamos é que fora algo, que fora un propósito de país para os vindeiros dez anos, e termos un parque público de vivenda digno de tal nome, que dea cabida, por suposto, á demanda enorme de case catorce mil persoas de vivenda social. É o único xeito eficaz que temos de intervir no mercado da vivenda. Viuse que non funcionaban as axudas ao alugueiro, non funcionan os parches; precisa o noso país un parque público de vivenda. E iso é posible facelo nun país que ten as maiores taxas de vivenda baleira.

Durante este debate vímolos continuamente ao Partido Popular e a Feijóo particularmente propoñer a defensa da Constitución. Pois defendan os artigos que defenden a maioría social, a ver se ese patriotismo constitucional o é do artigo 47 e non só do 135 e dos que están a favor das finanzas. Por certo, publicouse tamén estes días o informe Foessa —unha institución, tamén como Cáritas, que non será sospeitosa—, que confirma que a vivenda é o principal factor de exclusión social no noso país.

Así pois, unha maioría social abafada polo prezo da vivenda e da enerxía, porque a precariedade é xa a principal característica do mercado laboral galego. Por iso, un dos eixos das nosas resolucións é un plan de choque contra a precariedade laboral. A precariedade laboral condiciónao todo: as posibilidades de conciliación, a capacidade de decidir como e cando ter descendencia, a propia saúde —un informe recente tamén confirma o que xa sospeitabamos: a saúde é unha cuestión de clase—, as posibilidades de permanencia no rural. E as mulleres son un dos grupos sociais que máis abandona o medio rural, e cando permanecen un dos que máis ten que soportar unha elevada carga de coidados pola falta de servizos.

Así pois, temos un mercado laboral no que a precariedade é a norma; precariedade laboral na empresa privada e —o que é peor— precariedade laboral fomentada pola propia administración pública. É un feito que durante esta década Feijóo a calidade dos servizos se mantivo grazas ao sobre esforzo do persoal, porque é que a Xunta é un axente precarizador de emprego. Isto é patente nos centros de atención directa de política social, nos centros de maiores, con rateos imposibles que non dan cuberto as necesidades que hai, con persoas que sofren baixas laborais —as maiores de toda a Xunta— por sobre esforzo, con mulleres que teñen que traballar tomando analxésicos para poder resistir.

Porque aínda non se recuperaron todos os dereitos recortados dende o 2012, non se recuperou o dereito ao descanso. Por iso tamén propoñemos nunha das nosas resolucións recuperar todos os dereitos do persoal público recortados dende o 2012.

Pero tamén a temporalidade do Sergas. Tivemos ocasión de ver durante este período de sesións como é a vida deses milleiros de persoas, a maioría mulleres eventuais, que traballan no Servizo Galego de Saúde: pois non sabendo se un día van ter traballo ou non, que as chaman dunha hora para ir traballar á seguinte ou —o que é peor— que as chaman ás tres para o que tiñan que estar traballando ás dúas. Iso é unha tónica habitual, e non só das que tra-



ballan como eventuais no Sergas, senón de todo o persoal. Porque o sistema o que fai é sobrecargar todo o persoal. Por iso tamén, por suposto, propoñemos que haxa unha grande oferta de emprego público que propoña un plan de estabilización, sobre todo, na sanidade, e sacar en oferta todas as vacantes deixadas de cubrir dende o 2012.

E dicíamos tamén que a Xunta é un axente precarizador de emprego, porque cando contrata, en lugar de ter unha política social na contratación, que é o que nós lle propoñemos nas resolucións, pois chega a contratar con empresas que non respectan o dereito á conciliación, ou contrata servizos esenciais, como o servizo de información á cidadanía do 012, permitindo salarios de miseria, permitíndoo grazas a esa reforma laboral que nós, por suposto, nas nosas resolucións propoñemos derrogar, permitindo que ás traballadoras, porque son a maioría mulleres, non se lles recoñeza retributivamente os méritos de formación que requiren para o posto. A Xunta elabora uns pregos de condicións que dan unha arbitrariedade absoluta a quen adquire esa licitación. Unha arbitrariedade absoluta en servizos esenciais. Pois fíxense: por atender o teléfono social, 675 euros. Estes son os contratos da Galiza real: 675 euros. ¿Como se pode con 675 euros ao mes, con traballo parcial, pretender que as mulleres decidamos ter fillos?, ¿como se pode?

Estamos a falar, por certo, dun sector, o telemárketing, que ocupa milleiros de persoas no noso país, composto fundamentalmente por mulleres, onde o clima de traballo é de terror, e só por vinte euros máis do salario mínimo interprofesional, con doenzas profesionais, pavor por se ese día vas ser despedida ou non, estrés porque hai esas obrigas de ter rendemento, incerteza, encadeamento de contratos temporais... Así é imposible conciliar.

Entón, queríamos preguntarlle ao Partido Popular se esa é —a destes contratos— a Galicia Calidade ou a Galicia Xacobeo. Máis ben é a Galiza *low cost*, que é tamén un modelo de emprego que promoven para ese sector terciario do turismo e da hostalería. (*Aplausos.*)

Por iso dicía un plan de choque contra a precariedade laboral, unha negociación colectiva de patronais e sindicatos galegos que se faga en seis meses para deseñar ese plan, con tempos e orzamentos, porque non nos valen declaracións. As súas propostas de resolución son un brinde ao sol. Queremos tempos, obxectivos e orzamentos, queremos que se faga un plan que, ademais, incida en inspeccionar o maior índice de accidentabilidade laboral mortal que hai no Estado, que é o do noso país, que incida en que hai unha alta porcentaxe de emprego autónomo precario e que investigue os falsos autónomos e mesmo tamén os centros esenciais de emprego, que precarizan as condicións laborais dun colectivo de discapacidade, que, por certo, que ten a taxa de actividade máis baixa de todo o Estado.

Precariedade laboral. Confirma o último informe Foessa tamén e diversos informes que fomos degrañando que ter un emprego non garante saír de pobre, pois hai un 12,3 % de pobreza laboral. Non funcionan os mecanismos sociais tradicionais de protección social. A Risga non funciona —xa llo explicamos—; non llo dicimos nós, dillo a propia Comisión Europea: hai que ter mecanismos de complemento de ingresos tamén para as persoas que traballan, e non chega con desenvolver cinco anos tarde os complementos ao emprego da Risga, ¡cinco anos tarde! Ese mesmo informe Foessa alerta de que case trescentas mil persoas no noso país se atopan sen colchón e completamente vulnerables a unha nova crise.



E tampouco valen as pensións. Xa ven: as segundas máis baixas do Estado. Durante a crise serviron de colchón para moitas familias. Pensións de miseria, pensións que non é decente manter na pobreza a quen durante toda a vida traballou. Por iso propoñemos a súa revalorización garantida conforme o IPC e a defensa do sistema público de pensións.

Un modelo social de crise que se completa coa privatización. E é lóxico porque cando se retrae o Estado, cando se recorta, é para dar campo a ese negocio cribado. Dan campo a ese negocio privado na atención á dependencia, co 67 % das prazas privadas de todas as que hai de residencias da terceira idade. Xa lles explicamos o fracaso de Feijóo na construción das residencias das sete cidades. O problema non é a doazón de Amancio Ortega, o problema é que vostede mentiu. Vostedes mentiron cando anunciaron o plan Coma na casa. Non tiñan os fondos para facelo, para facer residencias públicas nun país que as ten a maior parte privatizadas e con pensións de miseria.

Sería, por certo, o sector dos coidados un sector que xeraría emprego digno, que é o que propoñemos nas nosas resolucións, pero que é un sector onde se afonda na precarización, sobre todo, das mulleres, sobre todo, nesas residencias privadas da terceira idade, cunhas condicións laborais tremendas.

E, por certo, cando se retrae o sector público dos coidados aumenta a carga para as mulleres. Os datos son demoledores. Xa llelos achegamos, pero aportamos un máis: hai unhas noventa mil mulleres dedicadas a tarefas de coidado de persoas dependentes —nalgunha medida, un 30 por cento a tempo completo—, pero só 2.634 persoas dadas de alta na Seguridade Social como coidadoras non profesionais.

As mulleres son as que máis renuncian á xornada laboral completa para coidar menores ou dependentes, e este é un dos factores da fenda salarial de xénero. E é certo si que hai máis mulleres ocupadas; sinalouno Feijóo, pero non sinalou que están en peores condicións, que acaparan o 75 % dos contratos a tempo parcial e que están nos menores tramos salariais. E, si, a privatización na dependencia, a privatización na sanidade, a privatización na educación.

Tamén dixo o señor Feijóo que no país somos a comunidade autónoma cunha educación máis inclusiva. Moi ben, que llelo diga aos pais e nais dos colexios María Mariño, Castrelo do Val, no IES de Betanzos, en Negreira, que teñen que suplicar á Xunta que contrate persoas coidadoras para atender as necesidades educativas porque están saturadas.

En fin, fastídialles tamén, sobre todo, que falemos de privatización da sanidade. Os datos son evidentes. Pero simplemente un detalle: falta sempre transparencia nos concertos. ¿Por que non amosan, por exemplo, o convenio de derivación de pacientes para a rehabilitación do dano cerebral adquirido co Hospital Quirón, que lles pide a Federación de Dano Cerebral? Porque o outro día tamén nos acusou á oposición de non traer propostas. En 2017 trouxemos unha En Marea que foi aprobada por unanimidade: facer un estudo para ver se no noso país tiñamos un centro de rehabilitación do dano cerebral público de referencia para toda Galiza. Dixeron que si, que estaría en 2018. ¿Onde está ese estudo? Iso si que é, por certo, desvirtuar a función deste parlamento e faltar á lealdade institucional, iso si que o é.



Pero, en fin, esta crise tamén é de civilización. A Galiza real é a da crise sistémica, que ten como fondo un esgotamento dos recursos naturais, da propia biosfera, a consecuencia dun modelo produtivo depredador. Por iso é que propoñemos declarar o país en emerxencia climática e por iso propoñemos un horizonte temporal que permita liderar no mundo o avance cara a un modelo produtivo que non deprede a biosfera.

Porque esta crise climática —non o esquezamos— está provocada polos mesmos que nos sumen na crise social, polos que privatizan o ensino, a vivenda ou a sanidade. En fin, por quen trafica cos bens comúns como a auga ou o propio vento. Por iso dedicamos gran parte das nosas resolucións á aposta pola soberanía alimentaria e a transición enerxética.

Por iso propoñemos unha aposta clara pola I+D+i, co obxectivo de chegar ao dous por cento do PIB, porque estamos nos niveis peores de todo o Estado, por debaixo do un por cento. Propoñemos que esa estratexia de innovación sexa especificamente nas enerxías renovables, na eficiencia enerxética, na sustentabilidade en xeral. Propoñemos unha alternativa para Ferrolterra, co desenvolvemento do cupo de enerxía eólica mariña, ou apostar pola mobilidade eléctrica na área de Vigo. Un futuro sostible da man da innovación, unha transición enerxética xusta, que non deixe ninguén atrás, que non deixe os empregos atrás.

Temos que cambiar o modelo que condena o rural a un deserto verde de producións enerxéticas e megaminería. A Xunta tirou para adiante co abandono do agro, que seica —segundo o conselleiro, señor conselleiro de Medio Rural— é unha vantaxe competitiva o abandono do noso agro. Serao para a caza, porque agora, agora que vemos o descontrol dos incendios ou a perda dos mananciais, vemos o que significa ter un agro ordenado e traballado. Aí poderán votar propostas de resolución de apoio aos montes veciñais en man común, ás Uxfor ou ao persoal suficiente para os centros de investigación e formación agraria e forestal. Tamén poderán aprobar propostas que aposten pola mobilidade sostible.

En fin, poderán apostar por un pacto que lles ofrecemos, un pacto social galego contra o cambio climático, unha transición enerxética e de modelo industrial que xere postos de traballo dignos. O noso país pode ser líder en enerxías renovables, cun modelo —iso si— que reverta nas comunidades locais e que non destrúa os espazos naturais e o patrimonio. Porque a Galiza real, esa do cadro deformado, é aquela na que neste preciso momento se están a destruír valores naturais e patrimoniais da serra do Oribio en plena Rede Natura cun parque eólico. Esa é a Galiza real, a Galiza das plantacións de eucaliptais descontroladas. E nós o que queremos é un novo plan forestal que promova o bosque autóctono e as madeiras nobres.

É nidiamente claro que temos que actuar xa contra a crise climática. Certamente, os mecanismos psicolóxicos do ser humano de negación do que pode pasar son tremendos, e vese nas crises que hai ao longo da historia da humanidade. Pero estanos a dar unha lección hoxe a mocidade. Hoxe a mocidade estanos a dicir que nos reprochan a falta de solidariedade coas xeracións vindeiras, que nos reprochan as mozas e os mozos que hai que rachar...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.



A señora VÁZQUEZ VERAO: ...cunhas elites que só se salvan a si mesmas. Por iso hoxe apoiamos esas mobilizacións do movemento mundial polo clima. Fronte ao medo, fronte ao egoísmo, fronte á incerteza, a cooperación para gañar o futuro. A mocidade estanos a dar unha lección.

E xa non me queda tempo, pero, por suposto, quen peor sufrimos todas estas crises somos as mulleres, quen temos unha maior taxa de pobreza e de exclusión, quen sufrimos mesmo tamén máis a crise ecolóxica. Hai tendencias regresivas que buscan frear eses avances do feminismo. Pero nós ímoslles dicir que non nos van calar. Ademais, quen cuestiona eses avances e eses consensos do feminismo é quen, por exemplo, como Pablo Casado, se atreve a dicirnos que é o que levamos dentro as mulleres cando estamos embarazadas. ¿Saben o que levamos cando é un embarazo desexado? Pois o que calquera pai e nai deste país: un desexo de que o futuro sexa mellor, unha incerteza ante todas estas crises que se presentan.

Por iso, fronte á política egocéntrica, centrada nos intereses persoais, nos intereses dos amigos —Núñez Feijóo *dixit*—, o que propoñemos son medidas —e verano na nosas resolucións— para planificar o futuro de acordo cos axentes sociais. Todas as nosas resolucións van nese sentido.

Hai no noso país potencia suficiente para que a sociedade civil, de acordo coa Xunta, se tivera vontade de impulsalo, deseñe o futuro dos vindeiros dez anos, un futuro xusto, un futuro sostible e un futuro...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...mellor para todas as xeracións. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos. Bo día tamén ás persoas que están na bancada de convidadas.

Encaramos hoxe a segunda parte do debate de política xeral, do debate do estado da nación, o último desta lexislatura. E facémolo, ademais, despois de escoitar un presidente da Xunta, na primeira xornada do debate, absolutamente fóra da realidade deste país, sen proxecto de futuro para Galiza; que veu, ademais, ao principal debate político do ano con propostas da década dos noventa e fiando todo, absolutamente todo, incluso o seu propio futuro persoal, aos fastos xacobeos. (*Aplausos.*)

¿De verdade cren que a crise demográfica, que a precariedade laboral, que a crise industrial, que a asfixia da sanidade ou que as listas de espera en dependencia se solucionan encomendándose ao santo? ¿Vai resolver os problemas deste país que o 25 de xullo, que é o Día da



Patria, caia en domingo? Reducen este país, señorías, a unha marca, a un destino turístico, e este país merece moito máis. (*Aplausos.*)

Levan no goberno unha década, dez anos, que logo se di, que deixan tras de si unha Galiza en peor situación para afrontar os retos que temos por diante como país e o incerto escenario político e económico que se abre ao noso redor. Temos unha profunda crise demográfica —agravada, ademais, durante o seu goberno— que nos deixa menos poboación que hai unha década e menos persoas traballando ou en condicións de facelo. Temos traballadoras e traballadores que soportan hoxe peores salarios, peores condicións laborais e menos dereitos dos que tiñan hai dez anos. Dúas reformas laborais, a reforma da negociación colectiva ou dez anos de recorte, custan caro.

Temos un tecido produtivo minguado e unha profunda crise industrial en Alcoa, nas Pontes, en Isowat, en Poligal, en R ou en Ferroatlántica.

Temos servizos públicos asfixiados, como a sanidade, por unha década de recortes. Hai persoas neste país agardando máis dun ano por unha proba diagnóstica, e unha semana para ir ao médico de cabeceira.

Temos un autogoberno que xa era insuficiente daquela, pero que nestes dez anos ficou convertido en papel mollado, porque non foron quen de defendelo, nin moito menos de ampliálo. Pero hai que recoñecerlles algo, pois son os primeiros en algo, e ao César o que é do César: foron o primeiro Goberno deste país desde 1981 que non conseguiu nin unha soa competencia transferida (*Aplausos.*), e levan aí dez anos, ¡nin unha!

Moitos golpes de peito coa AP-9, pero aí segue: en mans do Estado, privatizada, e Audasa ingresando 400.000 euros ao día en peaxes, ¡400.000 euros diarios!

E diante deste panorama hai apenas dúas opcións posibles:

A primeira, resignarse, jé o que hai! Caer na autocompracencia, vai todo estupendamente, hai quen está peor —esta é a súa, ¿non?—, e tentar esconder as consecuencias sociais do seu nefasto goberno e a falta de peso político con altas doses de propaganda. Xa sacaron o prego do campañón de 2020, ano electoral, buses colados e rotulados e 400.000 euros. Nada novo, o mesmo *modus operandi* que en 2016.

A segunda opción é reaccionar e ver que esta Galiza non é a única posible, que as galegas e os galegos temos dereito a máis, como calquera pobo do mundo. Temos un país rico, con enormes potencialidades; un pobo traballador digno, adulto, creativo; un pobo capaz de tomar as rendas do seu futuro e dar o impulso que precisa este país. Pero para iso temos que levantar o freo que vostedes representan. Temos que levantar o tapón que impide a este país avanzar.

Galiza necesita ollar cara ao futuro, afrontar os retos que temos por diante cun proxecto claro, de país, con voz propia, cunha axenda política clara e, sobre todo, sen submisións de ningún tipo. Recuperar peso político e rumbo, con propostas que nos fagan avanzar colec-



tivamente, nunha sociedade máis xusta, con dereitos, máis equilibrada territorialmente, feminista, orgullosa do que somos, da nosa lingua, que nos une como pobo e nos conecta con máis de douscentos millóns de persoas polo mundo.

Propostas para a Galiza de 2019, para a Galiza do século XXI. Aquí escoitamos moito falar da próxima década, 2031 como horizonte, e o que traen a esta cámara é o Galicia Calidade do ano 1995 ou o Xacobeo de 1993.

Neste país hai máis de dez mil persoas agardando por unha axuda á dependencia. Hai máis de cento cincuenta mil traballadoras e traballadores que non chegan aos 900 euros ao mes. Hai máis de catro mil persoas menores de 35 anos esperando por unha vivenda pública para poder emanciparse e iniciar un proxecto de vida autónomo porque teñen dereito. ¿E que nos din o Partido Popular e o presidente da Xunta de Galicia? Que, que ben, que a mocidade imos poder vivir un ano santo, e igual até vén o papa. (*Aplausos.*) Sería para rir se o conto non fose tan triste.

Este país é moito máis que un destino turístico ao que vir comer marisco baratísimo e *¡qué rica la empanada!*; é máis que unha postal. E desde o BNG apelamos ás galegas e aos galegos a que non se conformen, a que non se resignen, porque teñen, temos, dereito a máis. Nese sentido están formuladas as propostas de resolución que presentamos desde o BNG neste debate do estado da nación, neste debate de política xeral.

Falouse moito ao longo deste debate da crise demográfica. Falouse moito, pero para afrontala non serven políticas natalistas fracasadas, que é o que nos propoñen vostedes unha e outra vez. A última grande idea do Partido Popular —escoitámola na primeira sesión deste debate— foi cubrir os parques infantís para cando chove. Iso e adiantar o *prime time* da Televisión de Galicia. (*Aplausos.*) ¿De verdade cren, sinceramente, que cubrir parques infantís e comezar antes o Telexornal dos informativos da Galega vai facer que a xente se poña a ter fillos? ¿De verdade queren falar en serio disto? ¿Queren falar en serio disto?

Falemos da xornada laboral. Falemos de derrogar as reformas laborais. (*Aplausos.*) Falemos dun plan de retorno da mocidade emigrada, serio, orzado, con políticas integrais. Falemos de prohibir por lei que empresas que vulneran os dereitos de maternidade e conciliación poidan recibir axudas públicas, como fixeron e mantiveron vostedes con Nélida Pisco e Autobuses Calo. (*Aplausos.*) Falemos de escolarizar no ensino público as crianzas de 0 a 3 anos, e garantir isto como un dereito básico, público, para todas as familias e non só a partir da segunda crianza.

Hai que ir, señorías, á raíz do problema, que é social e, sobre todo, é económica. Son as condicións de vida das galegas e dos galegos, as oportunidades laborais que temos, o acceso ao mercado de traballo, a estabilidade no posto de traballo, o salario digno que chegue a fin de mes, o acceso a servizos públicos de calidade, sexa no rural ou na cidade, as políticas de corresponsabilidade e coidado. Aquí escoitamos moito falar de crear servizos públicos fortes, que permitan ás mulleres conciliar a vida laboral e a vida profesional, a non ter que renunciar ao desexo de ser nais —como se dicía antes— para poder dar continuidade a unha vida profesional. Pero tamén temos que comezar a falar de corresponsabilidade, do rol que cumpren os homes nesta



sociedade e do cambio de papel que van ter que asumir se verdadeiramente queremos conseguir unha sociedade xusta, equitativa e verdadeiramente democrática. Condicións de traballo que están intrinsecamente ligadas co desenvolvemento económico deste país.

Galiza precisa impulsar e modernizar a súa economía; facelo, ademais, cun modelo produtivo máis sustentable, que sexa capaz de afrontar a crise e os retos que plantexa o clima. E desde o BNG, neste sentido, recollemos distintas medidas:

Primeiro, pór a enerxía que se produce neste país ao servizo do seu desenvolvemento económico. (*Aplausos.*) Garantir un prezo xusto e competitivo da enerxía e a electricidade para as familias, para as empresas e para as industrias, como un ben básico que é. E iso pasa por reducir as peaxes que pagamos por transportar fóra a enerxía que producimos aquí, que é o que significa a tarifa eléctrica galega.

Desenvolver unha estratexia encamiñada a pechar ciclos produtivos no país, xerando valor engadido. Póñolles simplemente dous exemplos:

Galiza produce o 40 % do leite de todo o Estado español, e cobramos en orixe o prezo por litro máis baixo: 1,3 céntimos por debaixo da media do Estado.

Galiza produce a metade da madeira que se corta no Estado español, a metade da madeira. Somos a novena potencia forestal a nivel europeo, pero só o 8 % desa madeira ten unha transformación secundaria no noso país, só o 8 %.

Exportamos, señorías, materias primas e primeira transformación, pero o valor engadido, que realmente xera postos de traballo e xera riqueza, vai directamente para fóra.

Propómoslle tamén á Cámara un pacto galego pola ciencia, converter a I+D+i no motor do desenvolvemento da Galiza do presente e do futuro, pero de maneira real, co investimento necesario que debe encamiñarse progresivamente ao tres por cento do produto interior bruto, cunha planificación integral que consolide a carreira investigadora, que remate coa precariedade das investigadoras e dos investigadores e que aglutine todos os programas e investimentos de I+D+i nun instituto galego público de innovación, como xa existen hoxe noutros territorios, como é o Ikerbasque ou como é o ICREA, que son, ademais, punteiros a nivel europeo.

Fíxense se son un tapón e un freo ao progreso deste país que situaron Galiza nos últimos dez anos á cola da innovación, cando debería ser un sector estratéxico para o futuro deste país. E estamos, aínda hoxe, investindo por debaixo do nivel de investimento que había no ano 2008. E veñen aquí dicir que Galiza é onde máis medra o investimento de todo o Estado, sen despeitarse. (*Aplausos.*) Non chega nin ao un por cento do produto interior bruto.

Condicións de traballo dignas; traballo; dereitos, a comezar polo acceso aos servizos públicos —dicía ao comezo— independentemente de se as persoas vivimos no rural ou na cidade; servizos públicos de calidade, rescatando a sanidade pública, non a Povisa, a sanidade pública e a educación pública. (*Aplausos.*)



Unha sociedade máis xusta e máis democrática. E democracia non é só votar cada catro anos. Democracia é ter acceso a uns medios de comunicación libres, (*Aplausos.*) que cumpran a misión de servizo público, que respondan ao que pon a lexislación, e non estar convertidos en terminais de propaganda do Partido Popular, para máis gloria do seu presidente. Todo o apoio desde o BNG desde este debate ás traballadoras e aos traballadores da CRTVG, que levan setenta e un venres (*Aplausos.*), ¡setenta e un venres!, pedindo algo tan básico como que se cumpra a lei que vostedes mesmos aprobaron.

E democracia é tamén garantir os dereitos fundamentais a todas as persoas, a todas, incluída a metade da poboación. Un país como o noso, que en dez anos viu como eran asasinadas máis de corenta e cinco mulleres, que rexistra dezoito denuncias por violencia machista ao día e tres delitos sexuais diarios, non é unha sociedade democrática, non o é. (*Aplausos.*) Iso si que dá terror. Iso si que dá terror e non hai que inventalo.

Estamos fartas, fartas de discursos ocios, de promesas baleiras, de lavados de cara —e hoxe imos ver uns cantos—, de acordos incumpridos, queremos recursos e orzamentos —un de cada cen euros parécenos o mínimo; o mínimo: un de cada cen euros—, e xulgados exclusivos en todas as cidades, porque é posible legalmente. Pero hai que pelexalo, (*Aplausos.*) e ten que estar na primeira páxina da axenda política de calquera goberno. Xa debateremos sobre esa cuestión.

E remato cunha última cuestión: se algo quedou demostrado durante estes anos é que o limitado autogoberno de Galiza non serviu para resolver os problemas estruturais que arrastra este país. Lonxe de avanzar, coa crise económica vivimos un enorme retroceso, perdemos capacidade de decisión, e pola súa submisión o Estatuto quedou en moitos dos seus aspectos en papel mollado.

No BNG estamos convencidas de que Galiza merece e pode dar moito máis de si mesma. Pero para iso necesitamos ter ferramentas políticas, capacidade de decisión para intervir sobre a realidade e cambiala. E iso significa soberanía política e soberanía financeira. (*Aplausos.*)

Nos vindeiros anos o modelo de financiamento e o dereito a decidir centrarán boa parte do debate político, e Galiza non pode ficar á marxe dese debate.

No BNG somos nacionalistas —iso non é ningunha novidade—, defendemos o dereito de autodeterminación como un dereito inherente a calquera pobo do mundo, como un dereito democrático, tamén para o pobo galego. (*Aplausos.*) Esa é a nosa posición. Da mesma maneira que defendemos un sistema de financiamento para este país baseado nunha relación de bilateralidade co Estado. Esa é a nosa posición.

Pero o nacionalismo galego é, entre outras moitas cousas, profundamente dialogante e profundamente democrático. (*Aplausos.*) Esa é a nosa posición. E queremos coñecer as súas. E por iso o que nós propomos é abrir un diálogo sincero, honesto, á altura dos tempos neste parlamento, sobre o status político deste país e como dotar Galiza de maior poder político e maior poder económico para mellorar as condicións de vida das persoas que vivimos e que traballamos aquí. Isto non vai de que a min me guste máis a miña bandeira que a súa, senón



de ter as ferramentas necesarias para poder solucionar os problemas das galegas e dos galegos. *(Aplausos.)* Poder encarar o futuro e facelo con esperanza, non con medo, non con incerteza, nin tampouco con resignación.

Estas corenta propostas de resolución que presentamos desde o BNG chaman por este país, por todas e por todos nós, por vostedes tamén, a non conformarnos, a non resignarnos, porque as galegas e os galegos non só temos dereito a máis, é que temos dereito a todo.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Bo día a todas e a todos.

Bo día gustaríame poder desexarlle tamén ao señor Feijóo, presidente, mais tamén membro desta cámara, que ten o feo costume de pasar moi pouco por aquí. Tan pouco —fíxense— que no último ano pasou dez veces menos de tempo que nunha soa viaxe á Arxentina. Sumando isto ás súas continuas viaxes a Madrid, mesmo para manifestarse do brazo da extrema dereita, pois, claro, resulta difícil coincidir nesta cámara. El está a outras cousas. Está tanto a outras cousas que alguén debiera de dicirlle que as primarias do Partido Popular remataron hai tempo, e el perdeu simplemente porque non compareceu.

Fagan o favor de asumilo e deixen de vir facer campaña ao Parlamento de Galicia. *(Aplausos.)* Ao noso Parlamento véñse discutir sobre os problemas reais, non promocionar carreiras particulares de dirixentes do Partido Popular. E os problemas, señoras e señores deputados, malia o relato fantástico que escoitamos aquí o mércores, son numerosos e profundos. Os problemas que afectan a nosa terra e a nosa xente teñen que ver co medio ambiente, teñen que ver cos servizos públicos, cada día máis cativos, cos medios de comunicación públicos ao servizo do Partido Popular, coa falta de vivenda, coa falta de emprego ou coa precariedade.

Non obstante, nada disto parece preocuparlle ao presidente da Xunta, que decidiu adiantar o debate máis importante do ano político en Galicia para convertelo nunha especie de campaña electoral. Imaxinamos que confiaba en que, deste xeito, a discusión sobre as preocupacións reais de Galicia pasaran desapercibidas. Se esa era a súa intención, temos que dicirlle que fracasou.

Como fixemos o mércores, hoxe estamos aquí para falar do que lle preocupa ao conxunto da cidadanía galega, non do que lle preocupa ao señor Núñez Feijóo. Hoxe defenderemos, novamente, que existe unha alternativa ás políticas negligentes do Partido Popular. Unha alternativa social artellada dende abaixo, coas de abaixo e para as de abaixo, para unha maioría social que leva demasiado tempo pagando as consecuencias dunha crise que non provocou.

Por iso, queremos traer aquí as demandas das enfermeiras en loita, dos traballadores e traballadoras dos medios de comunicación públicos —que seguen cos «venres en negro» malia



que o presidente se burle delas nesta cámara—, das plataformas medioambientais, da mocidade en folga polo clima, das familias desafiuzadas, das mozas e mozos que están na emigración, da clase traballadora mobilizada en defensa dos seus postos de traballo, do movemento feminista, imparabile e imprescindible ante a barbarie continuada de asasinatos que parecen non ter fin. A todas e todos eles, grazas polo compromiso e a valentía, grazas por non teren medo malia as súas mordazas, grazas por estaren, por seguiren, por lembrárennos cada día que hai que saír defender o pan e a alegría. (*Aplausos.*)

O noso obxectivo fundamental é traer aquí o sentir e as súas demandas. As demandas de tantas e tantas persoas, deliberadamente esquecidas no discurso triunfalista do mércores do señor Feijóo, igual que están esquecidas polas políticas do Partido Popular. A aliviar todos eses esquecementos diríxense as nosas resolucións. Corenta resolucións que falan de igualdade, de liberdade, de inclusión, de futuro, de vidas dignas e dereitos plenos para todas e para todos, desoutro país posible que non deixa a ninguén atrás, de esperanza e de futuro. E no día de hoxe, señoras e señores, estamos deixando moita xente atrás. As políticas do Partido Popular están deixando demasiada xente atrás. Iso non é o que cabe esperar dun Goberno responsable e comprometido coa súa xente.

Por iso, penso que o mércores nas palabras do señor Feijóo faltaron moitas cousas, pero, sobre todo, faltou unha: faltou honestidade. Faltou a honestidade que se precisa para dicir que hai cousas que están fallando, que hai persoas ás que lles estamos fallando, e cómpre dar novas respostas. (*Aplausos.*) Faltou a honestidade de recoñecer que lles estamos fallando ás mulleres, que estamos fallando na loita contra as violencias machistas. ¡Que dicir fallar, se isto é unha auténtica catástrofe! ¡Cinco mulleres asasinadas no que vai de ano neste país! María José Aboi, María Carmen Vázquez e as tres últimas asasinadas en Valga: Alba Boquete, a súa irmá Sandra e a nai de ambas, María Elena. Cinco asasinatos machistas no que vai de ano neste país, e dúas delas nin sequera van ser consideradas como vítimas de violencia de xénero, pola pouca vontade —tamén dende o Goberno central— de aplicar un pacto que tanto venderon dende o Grupo Socialista e dende o Grupo Popular.

As violencias machistas que padecen as mulleres son múltiples; son as que padecen cada día nos seus fogares, pero tamén nos seus traballos, nas rúas. Unha catástrofe que non se amaña só con figuración e minutos de silencio, amañase con vontade, con apostas polo feminismo e co apoderamento das mulleres, pero, sobre todo, amañase con recursos. Por iso defendemos a necesidade de consignar o un por cento do orzamento para loitar contra as violencias machistas, o un por cento. Señorías, esta resolución non debiera de ser nin obxecto de debate nesta cámara, porque se isto non é froito do consenso inmediato e absoluto de todos os membros desta cámara, eu creo que teríamos que pararnos a pensar que servizo estamos ofrecendo á cidadanía.

Abonda xa de declaracións totalmente baleiras de contido, como a que nos propoñen na súa resolución. Non o dicimos nós; o movemento feminista está falando ben clariño cada día que hai un asasinato machista, cada 8 de marzo, onde enchen as rúas. Toda a sociedade galega está respaldando un movemento imparabile para lembrar que este é un asunto de todas e de todos, e nós estamos con elas tamén. Secundando a folga feminista malia o seu boicot, malia que se atrevan a traer aquí un papeliño dicindo que hai partidos que tratan de bene-



ficiarse da loita feminista. Non, señoras e señores deputados, non, a loita feminista é da sociedade.

Preguntaba o señor Puy o mércores se as mulleres do Partido Popular eran benvidas ás manifestacións feministas. Por suposto que si, e dígolle máis, señor Puy: vostede tamén, os homes do Partido Popular tamén serán benvidos nas manifestacións feministas. Porque ata que entendamos que este é un asunto de todas e de todos non imos poder resolvelo. *(Aplausos.)*

Se asisten, escoitarán que o berro é claro: «¡Menos discursos e máis recursos!». As palabras xa non abundan, xa non enganan a ninguén. A aposta ten que ser ben clara: recursos suficientes para cubrir a Rede de acollemento da Xunta e a Rede de centros de información á muller, que dispoñan de todo o persoal necesario para unha atención integral e de calidade a todas as mulleres, para non ter axendas das profesionais ateigadas. Ás veces, non chega cunha simple asesoría xurídica ou unha psicóloga, precísanse máis profesionais e diversos perfís, como axentes de igualdade, orientadoras laborais e traballadoras sociais para unha atención integral. Iso, señorías, lamentablemente custa cartos.

Faltou honestidade tamén para falarlles ás persoas que non teñen emprego neste país, nin expectativas certas de telo. Nos dez anos de Goberno de Feijóo perdemos cincuenta e catro mil empregos. É un resultado desastroso, un balance tan negativo que descualifica a un gobernante. Case tres lexislaturas nas que non se creou emprego, senón que se destruíu. Feijóo vai pasar á historia por ser o único presidente que vai deixar o goberno con menos postos de traballo que había de que cando chegou.

Por iso, propoñemos a elaboración dunha estratexia para o emprego, suficientemente orzada, que sirva para reducir a taxa de temporalidade no sector privado ata un 15 % en tres anos; reducir a taxa de desemprego ata situala por debaixo do 8 por cento, poñendo máxima vixilancia en que sexa emprego de calidade; realizar campañas e inspeccións para loitar contra a contratación en fraude de lei, os abusos na contratación temporal e xornadas laborais abusivas, así como prestar, por suposto, especial atención á situación de precariedade que seguimos padecendo as mulleres, políticas encamiñadas a reducir a fenda salarial lacerante entre homes e mulleres.

Nesta liña tamén, propoñemos un plan de reactivación industrial, tendo en conta que case a metade do emprego destruído —22.500 postos de traballo para ser exactos— son industriais. Urxe elaborar unha diagnose da situación actual da industria galega e un plan para aumentar a capacidade produtiva instalada; medidas de apoio para que a produción industrial acade canto antes o 20 % do PIB que cifra a Unión Europea para o 2020; unha estratexia de captación de investimento directo; estratexias para a diversificación industrial, mellora da produtividade, incremento dos fondos de I+D+i con fins industriais e apoio á exportación dos produtos industriais galegos.

Non nos resignamos a ser un país de turismo e servizos. Nós non imos fialo todo ao milagre Xacobeo que espera Feijóo, non nos resignamos a ver pechar unha e outra industria. Por iso, esta resolución fala das traballadoras e traballadores de Alcoa, fala das traballadoras de Isowat, de Poligal, de Vulcano, de R, que están cada día dando a cara aí fóra, defendendo os



seus postos de traballo; de tantas persoas angustiadas que non saen nos xornais, que están cada día angustiadas polo futuro e a viabilidade dos seus postos de traballo. *(Aplausos.)*

O previsible «non» do Grupo Popular é un non ás cento corenta mil persoas desempregadas neste país. É un non a atender as demandas da clase traballadora mobilizada, un non a buscar solucións. Mais xa lles adianto, señoras e señores deputados, que as traballadoras e traballadores non se resignan, que van seguir defendendo o que é deles, os seus dereitos na rúas, que van seguir pelexando ata derrogar as dúas vergoñentas reformas laborais. Malia a Lei mordaza, malia que sigan endurecendo o Código penal, van seguir.

De vostedes cabería esperar que estiveran á súa altura. Por iso demandamos que o Parlamento galego se comprometa coa defensa dos dereitos e as liberdades, coas liberdades políticas e sindicais, opoñéndose a esa infame Lei mordaza, á persecución penal dos traballadores e traballadoras. Se algo quedou moi claro nos últimos días é que o endurecemento do Código penal non se levou a cabo en ningún caso para protexer as familias, nin para protexer a maioría social que padece a precariedade, levouse a cabo unicamente para perseguir as traballadoras que teñen a ousadía de saír ás rúas reclamar pan, traballo e teito. ¡Pan, traballo e teito! *(Aplausos.)*

Nestes mesmos intres hai traballadores de Alcoa que están sendo perseguidos xudicialmente por exixiren que se respecte o seu dereito a un emprego digno e de calidade. Queremos que saiban que estamos ao seu carón, que sempre o estivemos. Como estamos ao carón das enfermeiras en loita, das médicas e médicos de atención primaria, coas súas demandas, co dereito a unha sanidade pública e de calidade.

Durante a última década a sanidade pública foi desmantelada co único obxectivo de que unhas poucas persoas puideran facer negocio coa nosa saúde. Isto non é algo que digamos nós, é un clamor que se escoita en Urxencias, que se escoita nos PAC, nos centros de atención primaria e nos hospitais. Por iso mesmo solicitamos que se elabore un plan de mellora da atención primaria que conte co persoal, o equipamento e o orzamento necesario para levar a cabo o imprescindible labor de promoción da saúde e prevención da enfermidade. Solicitamos que se dote o Sergas dos recursos económicos necesarios, que se convoquen ofertas públicas de emprego para rematar co abuso infame da contratación temporal. Abonda xa de enfermeiras con cincocentos contratos, ¡abonda xa! Solicitamos que se remate cos concertos sanitarios privados. Abonda de facer negocio coa nosa saúde, de mercantilizalo todo, a sanidade e o ensino.

Aquí tamén reclamamos que Galicia volva apostar pola educación pública. Neste momento contamos con cen escolas menos que cando Feijóo chegou ao goberno. Dende que el chegou todos os cursos comezan e rematan exactamente igual: con menos profesorado e menos centros educativos e menos aulas. Non é casual que isto aconteza, non se trata de mala sorte. O señor Feijóo chegou á presidencia da Xunta cun plan claro para desmantelar a educación pública e írrela regalando aos centros privados, e aplicou o plan, ¡vaia se o aplicou! Así é que hoxe temos un investimento en ensino por debaixo da media estatal, malia que o Estado español xa é un dos que se sitúa na cola de Europa. Cando Feijóo chegou ao goberno —fíxense— o investimento en ensino era do 4,62 % do PIB, hoxe esa cifra está nun vergoñento



3,59 %, cifra só superada por Romanía. Por iso plantexamos incrementar o investimento en ensino ata acadar o 5 % do PIB no ano 2022 e poder chegar ao 7 % no futuro máis inmediato.

Urxe, por suposto, poñer couto ao lastre que supoñen as escolas concertadas para a igualdade. Dende a súa orixe as escolas privadas e concertadas empréganse para segregar e seleccionar alumnado por clase social, e hoxe, lamentablemente, tamén por sexo; algo que pensamos que non volvería pasar. Este tipo de prácticas son inaceptables, son incompatibles coa loita contra a discriminación que padecemos as mulleres, e cómpre rematar con elas canto antes. Por esa razón propoñemos adoptar as medidas suficientes para que os centros concertados poidan integrarse na rede pública, como se está facendo noutros lugares.

Dende o Grupo Común da Esquerda queremos poñer fin ao modelo privatizador do Partido Popular, fin ás privatizacións da sanidade, no ensino e nos servizos sociais, que deixan tras de si peor calidade e precariedade laboral para as súas traballadoras. Temos exemplos especialmente lacerantes e dolorosos no que ten que ver na atención que reciben as persoas maiores usuarias de centros de día ou residencias da terceira idade. As denuncias do persoal sobre as condicións que padecen multiplícanse e as baixas e a sinistrabilidade laboral aumentan, porque non dan feito, señoras e señores deputados, non dan atendido tantas persoas. Señoras e señores deputados, cómpre atender os nosos maiores con todos os recursos precisos. Por iso propoñemos potenciar a Rede pública de centros de día e de residencias co incremento das prazas para eliminar as listas de agarda, aumentar a construción de novos centros cen por cento públicos, aumentar os cadros de persoal, así como recuperar os centros privatizados. Precisamos servizos públicos para vivir mellor, para atender todos os dereitos para todas as persoas e, por suposto, tamén para loitar contra a pobreza.

O mércores o señor Feijóo dedicou máis da metade do seu tempo a falar de estabilidade, do Partido Popular, de eleccións e do Xacobeo; pero faltou a honestidade para abordar o drama de termos o 23 % cento da poboación que reside en Galicia en risco de pobreza e exclusión social, 621.400 persoas esquecidas nas súas propostas. Esquecidos, por suposto, os fogares que non teñen unha soa persoa que perciba ingresos, que son 34.700, ou os fogares nos que hai unha única persoa que aporta recursos, que son 464.700. Os datos pesan sobre o seu goberno, mais interpélanos a todas e todos como sociedade. Por iso propoñemos a elaboración dun plan de loita contra a pobreza e a desigualdade, atendendo especialmente a situación da infancia, para solventar as carencias da poboación galega en situación de exclusión social, e incrementando o gasto por habitante para permitir que exista un verdadeiro sistema de protección inclusivo, garantista, que non deixe a ninguén atrás.

Neste senso, defendemos tamén a necesidade de avanzar camiño dunha renda mínima garantida, para o que é necesario dotar o noso sistema fiscal de maior progresividade. A receita é moi clara: que paguen máis os que máis teñen.

Propoñemos tamén un compromiso verdadeiro co dereito á vivenda. É unha burla, non se pode dicir que se está facendo algo cun dereito cando nun ano soamente son atendidas dúas solicitudes. ¿Onde están os bos xestores? ¿Como se pode vir presumir de que se está facendo algo se de trescentas mil vivendas baleiras que hai en Galicia só foron quen de activar dúas



nun ano? Urxe promover un parque público de alugamento e vivenda de protección autonómica que en tres anos sexa quen de dar resposta á demanda expresada por catorce mil solicitantes no Rexistro de Demandantes de Vivenda Pública, que sirva de mecanismo regulador do mercado, así como crear un imposto autonómico que grave os grandes posuidores cando a vivenda non estea cumprindo a súa función social, que impida especular cun ben básico, que impida tamén que a mocidade por este motivo teña que marchar.

Porque, señoras e señores deputados, falta moitísima honestidade para recoñecer que lle están fallando á mocidade galega, negándolle o máis básico: o dereito a ter un futuro, esquilmando os nosos recursos, condenándoos; condenándonos a todas e a todos a vivir peor do que os noso país e as nosas nais. Están fallándolle á mocidade expulsándoa do noso país, negándolle o dereito a traballar e a vivir dignamente na nosa terra. *(Aplausos.)*

Faltou honestidade para recoñecer a enorme lección que Greta Thunberg e milleiros de mozas e mozos en todo o planeta están dando aos responsables políticos que nos trouxeron ata aquí, a honestidade para recoñecer que non se está abordando a catástrofe climática como se debería. Vostedes só falan de crecemento verde porque teñen demasiado medo a ser impopulares, só falan de seguir coas mesmas malas ideas que nos meteron neste lío, aínda que cando o único sensato que poderían facer é poñer o freo de emerxencia. Así falou Greta Thunberg no Cumio polo clima de Polonia e así falan milleiros de mozas e mozos, que nos urxen a tomar medidas concretas para acadar as cero emisións de gases de efecto invernadoiro antes de que cheguemos a un punto de non-retorno, e hoxe, non para o 2050 como pretende o Partido Popular.

Ante esta situación de emerxencia climática, hoxe, encherán a rúa milleiros de mozas e mozos en todo o mundo, dando un exemplo de dignidade na liña en que o levan facendo moitísimos anos centenares de activistas, que mesmo poñen en risco a súa vida e mesmo pagan coa súa vida, coa denuncia dun sistema económico que fixo da rapina o crecemento descontrolado e do extractivismo o seu único modelo de desenvolvemento.

Non chega con colocarse un lazo verde hoxe, nin con apoiar a folga, hai que comprometerse coas demandas concretas claramente recollidas no Manifesto galego polo clima. E non é o que nos propoñen dende o Grupo Popular. Aínda que nominalmente xa non se atreven a negar o cambio climático, xa non falan daquel primo de Rajoy, as súas resolucións demostran que non entenden que isto non vai de parches, que precisamos un cambio de modelo, que o sistema capitalista de hoxe é insostible, totalmente incompatible coa propia vida.

Por iso reclamamos unha transición ecolóxica na industria, na agricultura, na enerxía e nos transportes, que as multinacionais, que arrancan enormes beneficios de esquilmar os nosos recursos, van ter que sufragar. Unha transición que só será posible se é xusta, se non deixa a ninguén atrás, porque non se trata —non queremos— de ter que escoller entre a fin do planeta ou a fin de mes, trátase de escoller entre innovación e/ou austeridade. O novo modelo produtivo require cambiar a austeridade pola innovación, a investigación e o desenvolvemento ata acadar o 2 % do PIB, que vostedes mesmos se comprometeron e incumpriron; non vai haber progreso para este país sen talento. Mais no Partido Popular temen que regrese todo o talento espaxado polo mundo, porque saben que ese será o seu fin como gobernantes; saben que o futuro é delas, que volverán para facer deste un país mellor. *(Aplausos.)*



Trátase de escoller entre modernidade e pasado, de apostar por un sistema de transporte que vertebre este país, impulsando unha rede ferroviaria de proximidade que permita que cidades como Lugo ou Ferrol entren definitivamente no século XXI. Non seguir apostando polas grandes obras do pasado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vaia rematando, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: Lembramos perfectamente que en 2003 Feijóo, sendo conselleiro de Fraga, xa anunciara un AVE que chegaría en 2010. Trátase de escoller entre xerar riqueza e esquilmar os nosos recursos. Maltratar sistematicamente os nosos ecosistemas non só é unha burrada en termos ecolóxicos, é unha burrada en termos económicos, é un desastre para o país que o permite; para o país que permite proxectos como o da mina de Touro.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: Por iso propoñemos a derogación da Lei de iniciativas empresariais e a clausura do proxecto da mina de Touro, porque se trata de escoller entre o beneficio privado e o ben común, de entender dunha vez que ao que vostedes seguen chamando crise séguese chamando estafa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CHAO PÉREZ: ...e que non hai motivos para que a AP-9 siga en mans privadas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Remato xa. A mensaxe é clara: as consecuencias deste modelo económico voraz...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...son incompatibles coa vida, non hai planeta B. E, como dixo Greta Thunberg: viñemos aquí para saber...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: ...que o cambio está chegando. Gústelles ou non, o verdadeiro poder pertence á xente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días.



O outro día, o mércores, no debate que houbo neste mesmo hemiciclo, o presidente da Xunta queixábase de que os grupos da oposición repetiamos desde hai anos que el non tiña proxecto. E a verdade é que é certo, eu repasei algunha intervención miña anos atrás e, efectivamente, xa dicíamos isto. O problema é que hoxe, dez anos despois, comprobamos que era verdade e que incluso nos quedabamos curtos. (*Aplausos.*)

E teño que dicir que o outro día soou, señor Núñez Feijóo, o seu discurso como o primeiro acto dunha longa campaña electoral que terá unha cita o 10 de novembro, pero que vai seguir despois coa cita autonómica en Galicia. E eu creo que é ao servizo desa longa campaña electoral ao que está afeito o seu discurso, desgraciadamente. Un discurso que o que fai é centrifugar responsabilidades, como fixo sempre o presidente da Xunta. Sempre é alguén máis o responsable, alguén distinto. Pode ser o Goberno Zapatero no seu momento; pode ser, en fin, Almunia; poden ser os alcaldes das cidades, os presidentes das deputacións, os axentes sociais, un sector que se opón a unha Lei de acuicultura, e así sucesivamente. Ao final, sempre a responsabilidade é dos demais, nunca se atopa en Galicia, nas súas competencias, a responsabilidade propia. Un acicate para mellorar e unha pintura que —recoñecendo os éxitos, porque tamén os hai— indique tamén onde están as dificultades e por onde debemos encamiñar os nosos pasos e cambiar as cousas desde a política.

O señor Núñez Feijóo —diciáo o outro día o señor Gonzalo Caballero— xestionou nestes dous anos máis de cen mil millóns de euros desde a Xunta de Galicia. Deberían ter servido para moito, e para moito serviron; pero hai moitas cousas que convén dicir que aínda están por resolver ou por facer. Neste sentido, eu creo que a súa intervención foi unha mostra máis de que a retórica non só é unha forma de comunicación, senón tamén unha forma de ocultación, unha forma de engadir distancia entre a Galicia que se comunica e a Galicia real.

E para iso os voceiros que me precederon fixeron un chamamento a transformar a Compañía de Radio e Televisión de Galicia, e eu teño que dicir que non podo máis que compartir ese desexo. E por iso dentro das nosas propostas de resolución vai xustamente unha proposta que intenta reforzar o papel dos mecanismos de control democrático da Compañía de Radio e Televisión. Por certo, non algún deles, senón todos eles pactados nesta cámara co Grupo Parlamentario Popular hai xa unha chea de anos e que non se poñen en práctica. Entón, teñen que optar vostedes entre dicir que se equivocaron daquela ou que se equivocan agora, porque algo debe pasar para que nove anos despois botemos aínda en falta o Consello de Informativos, o Estatuto dos profesionais e a falta da elección por esta cámara do director da Compañía de Radio e Televisión de Galicia. Teñen a oportunidade de emendar esa falla e pasar a un estadio distinto no control dos medios en Galicia.

Eu creo que nós temos a obriga de ofrecer alternativas, e non só incidir no diagnóstico, senón dicir por onde queremos que vaia Galicia. E facelo —xa digo— non en branco e negro, senón recoñecendo algunhas cousas, pero tamén indicando onde están os problemas.

A regresión demográfica concentrou boa parte dos esforzos de todos os que interviñeron antes ca min hoxe e hai dous días. Efectivamente, o presidente da Xunta ten que empezar a recoñecer que as súas políticas de fomento da natalidade, as súas políticas de equilibrio territorial e de retorno son políticas que non tiveron o éxito adecuado. Non vou citar moitas



cifras, pero o certo é que non fai máis que aumentar o saldo natural, o saldo vexetativo, a diferenza entre nacementos e defuncións desde que o señor Núñez Feijóo é presidente da Xunta, porque soben as defuncións debido ao avellentamento da poboación, pero tamén porque baixan os nacementos. E seguimos insistindo en que se trata de retocar un pouquiño máis unha ou outra medida das que xa están postas en marcha para xerar un titular que se acaba rapidamente, como eses globos que levan os nenos cando hai festas, que en canto deixas de apertalo desaparecen e non se volve saber nada máis deles, pois iso é o que pasa con moitas destas cousas que son anunciadas desde esta tribuna.

Un fracaso, e sentímolo moito. Teñen que cambiar a súa concepción do que hai que facer para reverter o problema da natalidade en Galicia. Hai que actuar nos servizos públicos, hai que actuar na conciliación, hai que actuar na igualdade. Hoxe xa sabemos que, en contra do que dicía un discurso conservador hai tempo, aquelas mulleres que traballan son as que teñen máis fillos nos países máis adiantados de Europa, pero tamén aquí en Galicia e tamén en España. Xa cambiou isto desde hai anos. E, por tanto, tamén o feminismo contribúe a reducir o problema demográfico en Galicia. *(Aplausos.)*

Pero a min chamoume a atención outra cousa. Chamoume a atención que o señor presidente da Xunta acabe convertendo o que está pasando, o que vai pasar, que non depende en absoluto del, no seu grande éxito. O retorno de emigrantes a Galicia, presentado como un grande éxito da súa política demográfica. E el mesmo dixo que de Venezuela e Arxentina é a crise política, social e económica nestes países o que está favorecendo ese retorno. ¡E claro que hai que atendelos! Nós presentamos unha proposta de resolución, pactamos ademais un acordo, para que se poida atender tamén coas competencias da Xunta de Galicia, non só desde o Goberno central, os emigrantes que retornan de Venezuela, que son os que están protagonizando a maior chegada a Galicia.

Pero o señor Núñez Feijóo esquecese de que se facemos unha análise un pouco máis demorada dos fluxos migratorios, temos saídas netas para o resto de España e temos unha saída importante dos nosos mozos e mozas, sobre todo aqueles máis cualificados, que están buscando o traballo onde o hai e un traballo co perfil adecuado á súa formación. E isto hai que atendelo, e nós botámolo en falla. Por iso propoñemos un plan de retorno que se dirixa tamén a esta mocidade que está fóra, non só para acoller aqueles que xa veñen polo que está sucedendo neses países, polos factores de expulsión, senón para actuar activamente sobre aqueles que están traballando fóra e teñen un nivel de cualificación adecuado. E o señor Núñez Feijóo non fala nada disto, porque non lle convén, porque non forma parte do seu relato.

Nós queremos actuar seriamente neste tema. Sabemos que isto exige benestar, traballo e tamén medidas específicas. Por exemplo, a gratuidade dos libros de texto significa nestes momentos que está empezando o curso unha medida limitada pero importante para moitas familias, sobre todo aquelas que teñen máis fillos. Sabemos tamén que a gratuidade é solidaria, que a gratuidade posta en marcha polo Goberno de Emilio Pérez Touriño era máis económica que a que está funcionando agora e cubría a todos. ¿Por que non volvemos a sistemas que xa funcionan? ¿Por que hai esa cerrazón para recoñecer que o Goberno de Emilio Pérez Touriño acertou e, por tanto, hai que botar a vista atrás e aproveitar aquilo que estaba ben? ¿Por que non? *(Aplausos.)*



O señor Núñez Feijóo explicounos as súas transformacións de escolarización para o período 0-3 anos. Está ben que vaian achegándose ás posicións que iamos defendendo desde forzas políticas progresistas desde hai tempo. A desigualdade nos resultados do sistema educativo, segundo os estudos existentes, está moi condicionada polo que pasa xustamente nesa etapa inicial. Está ben, pero establezamos —nós así o fixemos nas suxestións que trasladamos ao Observatorio pola Dinamización Demográfica— un dereito subxectivo universal para os individuos e para as familias en relación co acceso ás escolas infantís de carácter público. Isto é o que pasa a partir dos 6 anos. Ninguén se plantexa que non exista unha praza para escolarizar o seu fillo. E, por tanto, é unha cuestión que pode facerse se existe determinación e os recursos suficientes.

E o señor Núñez Feijóo dinos: non, pero imos a partir do segundo fillo establecer a gratuidade. Non vou cuestionar iso, aínda que non estou completamente seguro de que sexa o que hai que facer. Pero se hai poucos recursos, introduzamos tamén un criterio de renda á parte do número de fillos da familia. Se hai poucos recursos, fagamos que a selección teña que ver co número de fillos, pero tamén coa renda das familias. Familias que teñen unha renda de 50.000, 60.000, 70.000 euros posiblemente non necesiten isto. E familias dun fillo que non teñen máis que o salario mínimo ou que son mileuristas seguramente teñen máis necesidade que estoutras. E, por tanto, é aí onde está a diferenza entre un tipo de aproximación máis social que ten en conta os recursos económicos dos individuos e as familias e aquela que non.

Eu sinto dicirle á señora conselleira —que marchou— que o que máis me chamou a atención do discurso do presidente da Xunta o outro día en relación con este tema é que fixera táboa rasa desa Lei de impulso demográfico que presentou hai pouco tempo como o máis importante que se ía facer en Galicia desde sempre. Xa non existe. Ese é o tipo de política ao que estamos acostumados. Sácase un coello da chistera, véndese ese coello, hai un titular e despois pasamos a outra cousa, e hai que chegar aquí e sacar un coello diferente. E isto non ten moito sentido. A nós da lei o que coñecemos, o anteproxecto, parécenos moi insuficiente, extremadamente insuficiente. Nese sentido, coincidimos: está ben volver atrás e empezar de cero. Teña en conta as propostas que lle estamos facendo desde os grupos da oposición e seguramente acertará moito máis.

E algo parecido está a pasar en materia de equilibrio territorial. Non vou dar datos tampouco. Todos sabemos que isto funciona cun proceso de concentración da poboación, da economía, e que é necesario ir bastante máis alá do que se está facendo.

Hai algunhas propostas que nos soan ben, pero queremos concreción. E hai outras que se poden facer copiando aqueles modelos que están funcionando noutros países. Por exemplo, en Escocia, onde funciona ben unha axencia independente profesional de colaboración das distintas administracións, que ten un plan a medio e longo prazo, que podería actuar naquelas zonas do territorio que teñen máis dificultades.

No seu momento, o señor Núñez Feijóo falaba do Plan Impulsa Lugo, do Plan Impulsa Ourense, do Plan da Costa da Morte. Sen embargo, oímos dez anos despois que o proceso de regresión económica, demográfica e social desas zonas é máis acusado que nunca. É necesario reflexionar sobre isto e cambiar esas políticas para conseguir que funcionen.



Estado do benestar, necesario tamén para que a natalidade se recupere. Teño pouco que engadir en realidade sobre o que dixeron neste sentido os outros portavoces da oposición.

Vou pasar moi rápido, pero si me preocupa a cuestión da sanidade. O señor Núñez Feijóo acúsanos reiteradamente de que nós denigramos a sanidade pública. E non é verdade, en absoluto. Nós estamos extremadamente orgullosos do nivel de calidade que ten a sanidade pública en España e en Galicia. Consideramos que é un dos maiores activos que ten o noso país, e foi construída pola miña xeración, pola anterior, con moito esforzo, posiblemente por impulso, sobre todo, de gobernos socialdemócratas, pero os gobernos conservadores, con todos os matices necesarios, tamén contribuíron a levar adiante. E tamén en Galicia. Pero ten que recoñecer comigo que na última década este sistema estivo sometido a un estrés enorme, sobre todo a atención primaria. Un estrés financeiro, 180 millóns menos, e un estrés en materia de persoal, que deu lugar a unha precariedade enorme entre aqueles que traballan na sanidade pública, que soportan unhas condicións máis duras que outros países.

Non estou repetindo nada que non diga hoxe, por exemplo, o estudo que publica o *Faro de Vigo*, con datos oficiais en comparación con outras comunidades autónomas. Non estou dicindo nada que non digan os profesionais de Vigo, que vostede coñece ben, de atención primaria e que teñen razón en que están mobilizados; as enfermeiras, que non diga nada que non estea publicado nos estudos recoñecidos polo ministerio e os estudos profesionais. Non digo nada diferente, e vostedes deberían recoñecelo. Deberían recoñecer que existe unha precariedade excesiva, deberían recoñecer que non están facendo todo ben, que non planificaron a tempo, que estiveron publicando prazas MIR por debaixo das unidades acreditadas que autorizaba o ministerio nestes dez anos. E pódolle dar as cifras exactas, señor conselleiro. (*Aplausos.*) Terían que recoñecer todo isto para empezar a cambiar as cousas.

E eu dígolle: ¿hai que modernizar o sistema? Por suposto, pero só se pode modernizar o sistema se conseguimos sanear os seus fundamentos básicos. E iso depende fundamentalmente de que atendamos as necesidades de persoal e de que consigamos estabilizar este persoal.

E o outro día houbo varias alusións ás residencias, ás universidades. Nós non temos dificultade de que o diñeiro veña de onde veña, o que exiximos nas nosas propostas de resolución é que se cumpran as previsións, se cumpran os prazos. Nós queremos que se constrúan as sete residencias nas cidades. Estamos seguros de que agora se hai o diñeiro van desaparecer os problemas urbanísticos, non porque se crearan antes, senón porque os problemas os creaba a Xunta para ter un pretexto e non construír as residencias. (*Aplausos.*) Agora, que desaparecen, queremos garantir que se licitan antes de que remate a lexislatura, porque esa é a garantía de que vostede está tardiamente cumprindo as súas promesas.

Igual que a universidade privada. Está na lexislación, hai universidades privadas en moitos lugares. Non pasa nada. O que hai que garantir é que esta oferta non vaia en contra das universidades públicas que xa existen hoxe, porque ese é un patrimonio que tamén construímos todos os galegos. Que sexa, por tanto, complementaria do que hai hoxe e que non prexudique. Trátase diso.

Emprego. Falábase dos 54.000 empregos. Eu tampouco vou dicir que todo o que pasa no emprego depende da Xunta, nin moito menos, depende de moitos factores diversos. E nós es-



tamos crecendo a unha taxa en termos económicos que é similar á española. E ata aí nada que dicir; estanos indo relativamente ben porque tamén lle vai ben a España nos últimos cinco ou seis anos. Antes foille moi mal, e a nós tamén. ¿Cal é a anomalía en Galicia? Que crecendo o mesmo que España creamos moito menos emprego. Eu revisaba agora pola mañá o Informe da economía galega 2018 de Abanca, que xustamente di isto con todas as letras. Entón, ¿por que non recoñecemos que temos aquí unha dificultade e actuamos sobre iso, mobilizando mellor os fondos de emprego, que hai unha execución moi baixa, acertando mellor nas políticas específicas en relación con ese tema e, sobre todo, atraendo investimento?

Dábanse antes algunhas cifras, non vou insistir. Pero a min gústame outra, unha comparación interesante. O excedente bruto de explotación coa distribución funcional da renda, que vén a ser unha forma de aproximarse ao aforro, está hoxe xa por riba do que había no ano 2008. En cambio, a formación bruta de capital, o investimento, está bastante por debaixo. Se na época de Fraga, na época de Touriño, isto oscilaba entre o 60 e o 70, agora está no 40. ¿E onde vai este aforro? Pois ás veces a sanear a situación persoal das familias, dos fogares ou das empresas, pero, sobre todo, a través do sistema financeiro, acaba investíndose noutros lados. Pois a nós gustaríanos que houbera unha política específica para que se investise aquí, porque esa é a maneira de que se poida crear emprego, de que se poida crear emprego ao mesmo tempo que avanzamos en termos de produtividade. *(Aplausos.)*

O outro día o portavoz do Partido Popular insistía no asunto da renda por habitante, e explicareino despois, que agora non me vai dar tempo, na seguinte intervención.

Tamén escoitamos o outro día o señor Núñez Feijóo dicir que era moderado. A min paréceme ben. Pero tamén lle escoitamos dicir outra cousa, que é que Vox en Galicia estaba dentro do Partido Popular ou algo así. *(Murmurios.)* Algo así, algo así. *(Protestas.)*

Ben, e escoitamos o portavoz parlamentario do Partido Popular pedindo que as mulleres feministas do PP puideran ir ás manifestacións. *(Murmurios.) (Protestas.)* Non, díxoo literal, literal. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu digo tamén: a min gustaríame que foran os homes tamén, porque nós imos, eu vou sen problema, imos sen ningún problema. Pero, sobre todo, chámame a atención que isto quere dicir porque non son as feministas mulleres do PP; feminista como adxectivo que reforza, senón as mulleres feministas do PP, dicindo que hai algunhas que non o son. Non sei se porque coñece ben o que ten no grupo parlamentario. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Se non é así, non pasa nada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero é que vemos...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...porque fíxense. Vemos nas propostas...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio. *(O señor presidente bisba.)* ¡Silencio! *(Fortes murmurios e protestas.)*

Déixeno terminar, por favor.



O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Déixenme explicarme. Vemos nas propostas de resolución, en relación con este tema, que o Partido Popular insiste en poñer no mesmo plano as organizacións feministas e a VOX. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Balbordo.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, e isto a nós parécenos absolutamente inaceptable. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Despois xa aclarará o portavoz do Grupo Parlamentario Popular a cuestión. *(Proseguen as protestas e os murmurios.)*

¡Silencio, por favor! Despois xa se aclarará. Xa está. ¡Silencio!

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Vou ir acabando. Un minuto para ir acabando.

Hai outro tema tamén que moi brevemente vou indicar. Nas nosas propostas de resolución hai unha serie de demandas de Galicia á Administración xeral do Estado, empezando polo modelo de financiamento, onde dicimos o mesmo que dicíamos. Nós queremos que as entregas á conta se resolvan, queremos que se resolva a mensualidade do IVE, queremos que Galicia teña os recursos que necesita, que ten no seu orzamento. ¿Que pasa? Que queremos que se faga de acordo co marco legal e con todas as garantías. Hai quen prescinde disto, e aí a nós non nos van atopar, non nos van atopar en absoluto.

Queremos que haxa unha demanda unánime deste Parlamento en relación coas infraestruturas, como xa houbo. *(Fortes murmurios.)*

Queremos tamén a aprobación por este Parlamento das demandas de autogoberno, o que xa vén desde o ano 2005. Esperaremos a que o Grupo Popular poida apoialas, como as apoiou no seu momento. *(Aplausos.)* Queremos que todo isto suceda, e cremos que sería bo chegar a un grande acordo en Galicia sobre estes temas, sexa cal sexa o goberno que saia das urnas o 10 de novembro.

O proxecto do señor Feijóo diríxese ao 2030. A min paréceme que isto é unha maneira de non dar conta do que foron os seus anos de goberno en 2020, porque primeiro hai que pasar polo 2020. Pero, efectivamente...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...eu estou case certo de que a partir do 2020 se vai abrir unha nova década, pero vai ser unha década con outros valores, unha década de cambio, unha década na que seguramente o proxecto político do señor Feijóo, esgotado hoxe, xa non vai ter a presenza que hoxe ten.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Presidente, señorías.

Lástima, señor Leiceaga. Tivo vinte minutos de intervención e non falou dos 700 millóns de euros que o Goberno socialista lle debe a esta comunidade. *(Aplausos.)*

Mire, en cada intervención pública que lle escoitamos a calquera representante do Partido Socialista sempre falan de VOX, en cada intervención pública dos responsables socialistas sempre falan de VOX. E nós comprendémolo, porque este partido fíxolle un gran servizo ao Partido Socialista. *(Fortes murmurios.)* Foron vostedes os que o crearon, foron vostedes os que o alimentaron e a vostedes é a quen lles segue sendo útil para conseguir réditos electorais. Pero eu teño unha mala noticia que darlles. E é que os galegos somos moderados, os galegos cremos na estabilidade, e os galegos cremos nos gobernos que gobernan dende a centralidade e para todo o mundo. E por iso os galegos non lle deron nin un só concelleiro en Galicia a VOX, e tampouco ningún deputado.

E, dito isto, nós vimos aquí a falar de Galicia, nun debate do estado da autonomía que nos permitiu coñecer cal é a situación de Galicia. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Miren, aquí hai un goberno, aquí hai unha maioría parlamentaria que o sustenta, hai un goberno que ten máis impulso e máis gañas de traballar por Galicia ca nunca. E posiblemente temos enfrente unha oposición que non é alternativa, temos a alternativa menos sólida ca nunca.

O presidente presentou este mércores ante toda Galicia 90 medidas de impulso en temas fundamentais para xestionar a Galicia dos próximos doce meses e para planificar a Galicia dos próximos doce anos. Vostedes niso non están. Hai medidas de economía, de emprego, de vivenda, de cultura, de fiscalidade, de loita contra o cambio climático, de demografía, de conciliación. Porque aquí hai un goberno que goberna, un goberno que estuda os problemas de Galicia, e un goberna que pensa, un goberno que planifica e que traballa para solucionarlos. Un goberno que non goberna crea problemas onde non os había, un goberno que non goberna utiliza os recursos do Goberno para facer campaña electoral, un goberno que non goberna supedita os intereses dun territorio aos intereses dun partido e dun presidente. Ese é o goberno de Pedro Sánchez.

Miren, en Galicia temos un goberno que goberna e unha maioría parlamentaria que o sustenta. Nós presentamos 40 propostas de resolución que abordan asuntos clave: economía, industria e emprego, medio rural —do que algún grupo nin sequera falou—, medio ambiente, a mellora dos nosos servizos públicos, cultura, turismo e tamén cuestións clave no eido institucional.



No eido da economía, ¿que pedimos? Que o Goberno de España lle pague a Galicia os 700 millóns de euros. ¿Onde van estar vostedes? Fóra dese acordo. Seguro, completamente seguro.

Nós propoñemos o impulso do Plan estratéxico de Galicia 2021-2030. Nós propoñemos nesta lexislatura no eido do rural un novo paquete de medidas de impulso fiscal ao rural, tanto por parte de Galicia como tamén por parte do Goberno de España —a ver se está ese goberno, sexa cal sexa—. E solicitamos que se dote os concellos do rural galego de novos e mellores servizos.

Tamén pedimos avanzar na loita contra os incendios forestais e establecer un sistema de xestión das dexeccións gandeiras.

No terceiro bloque de medidas falamos da Galicia verde, esa que a vostedes lles interesa pero de boquilla. Propoñemos que a declaración do estado de emerxencia climática en Galicia veña acompasado coas necesidades do emprego e da industria en Galicia, para o que solicitamos ao Goberno do Estado un proceso de transición enerxética ordenado, xusto e que sexa transición, que non sexa imposición socialista. Tamén solicitamos a aprobación dun plan de eficiencia enerxética 2020-2024, así como a posta en marcha, en colaboración cos concellos e deputacións, dun ciclo integral da auga.

Falamos do AVE —dese do que vostedes non queren falar— para solicitarlle ao Goberno de España que cumpra os prazos comprometidos para que estea en probas antes de que remate este ano e en funcionamento pleno no ano 2020, así como da renovación das conexións ferroviarias de mercancías de Galicia.

En industria e emprego somos clarísimos, demandamos medidas específicas que garantan a continuidade do emprego nas centrais térmicas das Pontes e de Meirama. ¿Onde vai estar o Partido Socialista? Noutro lado. Demandamos a continuidade do emprego nas factorías de Alcoa en San Cibrao e de Partner na Coruña, así como en Megasa, en Ferroatlántica e na totalidade das industrias electrointensivas de toda Galicia. E a iso sumamos unha nova estratexia de innovación. Tamén temos medidas no ámbito pesqueiro, como a nosa preocupación pola crecente presenza de plásticos e microplásticos.

Falamos de emprego, de promover a empregabilidade das mulleres nos sectores industriais nos que teñen menos representación. Falamos de servizos públicos con propostas para a educación, a sanidade, os servizos sociais, e tamén para o turismo e o xacobeo —agora deostado polo Bloque Nacionalista Galego—, e tamén de defensa da cultura. E no ámbito institucional temos medidas concretas, propostas concretas, que demandan lealdade institucional de todos os gobernos coa Xunta de Galicia. E falamos tamén de memoria histórica e da participación rexional nas institucións europeas e paliar as consecuencias do *brexit*.

Tamén amosamos a nosa preocupación polas persoas retornadas e a solidariedade co pobo de Venezuela e os galegos que alí viven. Propoñemos a condena rotunda de todo tipo de violencia contra a muller e tamén propoñemos a condena de todo tipo de violencia terrorista.

Miren, os días de onte e de hoxe deixáronnos varias cousas claras: o PSOE non ten propostas sobre o sector do mar, esa é a realidade. Supoñemos que para o novo secretario as persoas



do mar son o de menos. O Grupo da Esquerda en Común non ten propostas de medio rural. Será que agora que son errejonistas, ou ¡quen sabe que!, se esqueceron dese tema. E o PSOE vai votar en contra do pacto da Administración local que a Xunta pactou coa Fegamp —que ten, por certo, un presidente socialista—.

E logo está a forma de negociar e de entender a negociación do Partido Socialista. Ten os malos vicios do señor Sánchez. Presentan propostas de transacción e, en vez de buscar unha proposta que xunte posturas, o que fan é propoñer un texto seu que presentaron previamente como proposta de resolución. ¡Vaia forma de entender a negociación e o diálogo!

Hoxe chegaremos a 58 acordos nesta Cámara, e 24 serán transaccións cos grupos da oposición, o 40 %. Eu creo que demostramos o noso talante dialogante, negociador e o noso talante para o acordo.

A verdade é que temos que celebrar o novo talante do señor Villares, agora que non está baixo o xugo de Podemos. Vímolos negociador, dialogante, cun ton distinto, con outro talante; incluso tentando chegar a acordos en cuestións como Venezuela ou en cuestións como a violencia terrorista. Nós temos que aplicarlle a parábola do fillo pródigo que volve á casa do pai, que volve ao constitucionalismo. Polo tanto, noraboa para o señor Villares.

A verdade é que sorprende a intervención do Grupo Mixto noutros asuntos. Hoxe hai menos paro que hai dez anos. O paro baixa en Galicia moito máis do que baixa no conxunto de España. Hoxe hai máis gasto social que cando gobernaban vostedes. E a verdade é que é un sarcasmo que As Mareas de Podemos falen de vivenda pública despois do que fixeron nas cidades onde gobernaron e despois do que fixeron cos «pisiños». Sobre o gasto social, mire, é que temos o maior gasto social da historia: oito de cada dez euros do orzamento da Xunta de Galicia son gasto social.

Din que están preocupados polo emprego, pero o que fan é vir aquí a pedir o peche de empresas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —estou falando do Mixto, señor Sánchez, entendo que haxa confusión pero referíame ao Mixto—. O número de fogares en risco de pobreza reduciuse en Galicia dende que gobernamos nós. Sobre a Risga amosaban preocupación. ¡Oia!, é que á Risga lle dedicamos 64,4 millóns de euros. Pódelle parecer pouco, pero é que, cando gobernaba a esquerda, dedicaban 40 millóns de euros menos, ¡menos! E nós dedicamos á Risga 40 millóns de euros máis que cando gobernaban vostedes. Así que... ¡leccións, cero! (*Aplausos.*)

En inclusión social —que lles preocupaba, claro que si—, miren, no ano 2009 en Galicia se dedicaban 34 millóns de euros a inclusión social. É bastante ¿verdade? ¿Saben canto dedicamos hoxe? Dedicamos 119, 85 millóns de euros máis. Iso si que é compromiso cunha sociedade máis xusta para todos. Leccións déanllelas vostedes aos seus alcaldes.

Miren, isto era de cando gobernaban vostedes: «*Rajoy deja sin gastar casi toda la renta social y la ayuda a la mujer*». ¡Caramba co feminismo e caramba o que acontece con todos vostedes! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)



Miren, sobre o BNG, a verdade é que é curioso escoitar o Bloque Nacionalista Galego dicir que este goberno está esgotado, que non ten ideas. ¡Pero se o BNG trouxo a este debate o de sempre!: «control C», «control V». Levan vostedes, non anos, senón décadas, copiando as mesmas propostas: un novo status político para Galicia —janda que non cheira isto a naftalina!—, o cupo, a banca pública galega, derogación da reforma laboral..., ¡home!... E agora é verdade que nos sorprenden con novas propostas como ese ataque pola turismofobia e o Xacobeo, respecto do que parece que están vostedes en contra. Nós lamentámolo, porque o turismo en Galicia representa o 10 % do PIB galego e o 11 % do emprego de Galicia. Vostedes están en contra do turismo. Nós estamos a favor do turismo e imos seguir apostando polo turismo, utilizando o Xacobeo como principal ferramenta. (Aplausos.) E ¿sabe por que? Porque o emprego vinculado ao turismo crece aproximadamente un 7 % ao ano, esa é a realidade.

Tarifa eléctrica galega. ¡Pero como veñen outra vez con este conto se saben que sería unha ruína auténtica para a nosa comunidade! E veñen vostedes dando leccións de ganchete con Bildu e con Esquerra Republicana de Cataluña. Nós a verdade é que non lles aceptamos ningún tipo de lección neste sentido. Agora o lema do Bloque Nacionalista Galego é «facer valer Galicia». ¡Caramba! ¿É que acaso facer valer Galicia é pactar nos concellos e nas deputacións co partido que dende o Goberno central está torpedeando o autogoberno galego? ¿Acaso é facer valer Galicia ir da man nas eleccións cos herdeiros de Batasuna e cos que intentaron dar un golpe de Estado en Cataluña? ¿Iso é facer valer Galicia? ¿Facer valer Galicia é copiar o modelo da confrontación social, da fuga de empresas e da parálise institucional do independentismo vasco e do independentismo catalán? Nós cremos que para vostedes o de menos é Galicia.

Falaron vostedes do I+D+i, e eu teño que dicirlles que menten e utilizan os datos de forma falsaria. Os datos máis recentes do INE son do ano 2017, e Galicia foi a segunda comunidade autónoma na que máis aumentou o investimento en I+D+i, superando os 570 millóns de euros. O incremento foi do 13,4 %, que duplica o avance da media estatal, que estaba nun 6 %. Polo tanto, ¿que leccións nos van dar? Igual que na sanidade. Pero que leccións nos queren dar na sanidade se hoxe temos en Galicia a mellor sanidade que nunca tivemos na nosa historia, unha sanidade de 4.000 millóns de euros ao ano, unha sanidade que dedica máis orzamentos ca nunca, unha sanidade na que traballan máis profesionais ca nunca, unha sanidade con máis actividade ca nunca, unha sanidade coas cifras máis baixas de espera da serie histórica, na que sete de cada dez cidadáns contan con infraestrutura nova ou renovada na súa área. Polo tanto, ¿de que están a falar?

Iso si, falan da Televisión de Galicia. Pero ¿que queren, que comparemos a Televisión de Galicia do ano 2009 coa Televisión de Galicia que temos no ano 2019? É que hoxe a Televisión de Galicia lidera, cunha cota de pantalla do 17 %, todas as franxas horarias do día. Esa é a realidade, a TVG incrementou a súa audiencia nun 22,5 %, segundo o estudo xeral de medios feito público en xuño deste ano. A canle autonómica é a máis vista de toda España, por diante da ETB e por diante de TV3. A CRTVG alcanza así o primeiro posto como a canle máis vista na nosa comunidade, seguida de Antena 3 e de Televisión Española.

É verdade que, se falamos de manipulación nos medios públicos, o Bloque Nacionalista Galego sabe do que fala, sabe do que fala, e aí está a historia recente. Miren, para nós a CRTVG



é un servizo público con independencia e con profesionalidade — ¡alá vostedes a quen cuestionan! —, sen ningún tipo de inxerencia por parte do Goberno galego. En primeiro lugar, a Xunta non toma decisións na CRTVG. (*Murmurios.*) En segundo lugar, e sobre a manipulación, recorden o que vostedes fixeron e como uns criticaban os outros. Uns apelaban a que vostedes manipulaban a radio, e os da radio dicían que manipulaban a tele. ¡Así que..., leccións, as xustas! (*Aplausos.*)

Sobre igualdade, nós non imos aceptar ningún tipo de lección. Sobre o noso compromiso coa igualdade e o noso compromiso coa loita contra a violencia de xénero temos unha iniciativa, e agardamos que voten a favor dela. Lamentamos, iso si, non ser capaces de chegar, nesta materia tan sensible, a un acordo con vostedes. (*Aplausos.*) Porque dicía a señora Luca Chao —e nisto si que teño que darlle a razón—: “Menos discursos e máis recursos” E niso ten razón. ¿Saben por que? Porque, miren, cando gobernaba a esquerda neste país as axudas destinadas á conciliación en Galicia eran de 40 millóns de euros. Agora, que gobernamos nós, son de 94 millóns de euros. Efectivamente, menos discursos e máis recursos. (*Aplausos.*) Miren, o orzamento destinado á igualdade e á violencia de xénero cando gobernaban vostedes era de 13 millóns; agora, que gobernamos nós, son 23 millóns. (*Aplausos.*) Efectivamente, menos discursos e máis recursos. (*Aplausos.*)

Din vostedes que o noso é un proxecto esgotado. Miren, estes días o primeiro xornal de Galicia facía unha enquisa sobre a posible continuidade de Feijóo, e concluía que o 75 % das persoas que participaran nesa enquisa vían de forma positiva a súa continuidade, só o 25 % non o vían de forma positiva. Eu creo que vostedes representan a ese 25 %. Polo tanto, eu creo que a oposición demostra que é máis minoritaria ca nunca. Tomen boa nota disto.

Miren, unha das críticas máis divertidas é a do proxecto esgotado. (*Murmurios.*) Dino vostedes, que nesta Cámara, dende o ano 2009, se presentaron co nome de Izquierda Unida, Anova, Alternativa Galega de Esquerdas, logo Podemos, logo En Marea, logo Galicia en Común e agora Grupo Común da Esquerda. E algúns agora quérense chamar Más Madrid. Pero ¿de verdade toman en serio Galicia e toman en serio as preocupacións dos galegos? (*Aplausos.*)

Señor Leiceaga, é verdade que levan vostedes moito tempo propoñendo o mesmo, e os galegos rexeitando o mesmo en 2009, en 2012, en 2016 e seguro que tamén no 2020.

Mire, ¿vostede cre, escoitándoo a vostede e escoitando o resto de voceiros da oposición, que o seu discurso casa con estes señores cos que pretenden algún día chegar xuntos da man a ser alternativa? ¿Sinceramente o cre? Eu creo que non. Señor Leiceaga, vostede sabe que están máis cerca do que defende o Partido Popular de Galicia que dos señores que os acompañan na bancada da esquerda. (*Murmurios.*)

Mire, señor Leiceaga, están vostedes tan preocupados pola demografía que o posto de alto comisionado da demografía do Goberno de España leva vacante medio ano. Mire o que están preocupados.

Mire, o PSOE perpetrou nestes meses de goberno en Madrid unha longa lista de agravios a Galicia, unha longa lista da aldraxe: a débeda dos 700 millóns de euros, a ralentización do



sector naval, a negativa a aprobar o estatuto das electrointensivas, a vontade de pechar Ence e todo o que supoñería pechar Ence, o «dieselazo» e a contracción do sector da automoción, o peche das térmicas... E vostedes nas redes sociais utilizan o *hashtag* «A pé do país». Eu creo que é mellor, como *hashtag*, «A patadas co país» (*Aplausos.*) Iso é o que fai o Partido Socialista con Galicia: a patadas co país. (*Aplausos.*)

Pero, miren, ¿saben o que lles digo? Ao Partido Socialista isto non lle vai saír gratis. Non lle vai saír gratis provocar as cuartas eleccións xerais en catro anos. Non lle vai saír gratis o desdén co que Pedro Sánchez tratou Galicia durante estes quince meses. Non lle vai saír gratis o ataque permanente á nosa industria e ao noso emprego. Non lle vai saír gratis o ridículo do delegado do Goberno en Galicia e do delegado de Ferraz en Galicia. E non lle vai saír gratis, en definitiva, ter traizoado a confianza que os galegos lle deron —pouca, pero a suficiente para que vostedes estiveran nesas bancadas—.

Miren, cando alguén ten razón, hai que darlla. E, por unha vez, eu teño que darlle a razón a un socialista, a unha socialista, que lle escapou unha verdade, probablemente sen querer —ou non, vaian vostedes saber—. Miren: «*Pilar Cancela recuerda el bipartito de la Xunta y asegura que no es bueno que haya un gobierno bicéfalo*». Di textualmente: «*Nosotros perdimos el gobierno de la Xunta, entre otras razones, porque la ciudadanía percibió que había dos presidentes, y que uno actuaba a las espaldas del otro*». (*Murmurios.*) Non é tarde para darlle a razón a quen a ten, aínda que tardaran vostedes dez anos. Esa é a realidade. (*Aplausos.*) Fíxense, se foi malo un bipartito, ¿como sería de malo un cuadripartito, todo iso xunto. Sería terrorífico.

Miren, vostedes atópanse nestes momentos cun problema, porque aquí hai unha Xunta e hai un presidente con propostas para unha Galicia que vai ben, para unha Galicia que crece, unha Galicia que crea emprego, unha Galicia que baixa impostos e unha Galicia que mellora os servizos públicos. A súa proposta é críticoalo todo, pero con cero propostas. Esa é a realidade. A vostedes non lles gusta este discurso porque, no fondo, o que lles gustaría a vostedes é que a Galicia lle fose mal para que a vostedes lles puidese ir mellor.

A verdade é que este debate é un debate de contrastes, unha realidade e a contraria. É un debate de fondos contrastes. A nosa estabilidade política —política e tamén institucional— contrasta coa inestabilidade socialista...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...na que Pedro Sánchez quixo sumir o noso país nos últimos anos, provocando dúas repeticións electorais, unha moción de censura e unhas eleccións anticipadas antes de que se esgote a lexislatura. A solidez da Xunta contrasta coa absoluta falta de liderado, falta de proxecto, e auténtica fragmentación da esquerda.

Nós lamentamos que a esquerda non teña, non só cada un de vostedes, un proxecto, senón que, sumando as poucas cousas que propoñen, non sexan capaces de formar algo que parecera un proxecto. É que vostedes tampouco teñen a capacidade de recoñecer que hoxe Galicia vai ben, que hoxe Galicia crece, que hoxe Galicia crea emprego, que hoxe Galicia baixa impostos, que hoxe Galicia ten os mellores servizos públicos que nunca tivo. Vostedes non entenden Galicia, vostedes non representan a Galicia real, a Galicia que avanza, a Galicia que crece.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Vázquez Veroa.

A señora VÁZQUEZ VERAO: «Vostedes utilizan recursos do Goberno para facer campaña electoral» —Miguel Angel Tellado Filgueira *dixit*—. ¿Referiríase a isto, non? Volveuse mirar no espello e referiríase a isto, ¿non? (*A señora Vázquez Veroa amosa un papel desde a tribuna de oradores.*) É un anuncio que lles di ás mulleres galegas que, se queren ter fillos, teñen toda a axuda do mundo. Xa vimos, coa súa situación laboral, que describimos fondamente na primeira intervención, se é toda a axuda do mundo, ou se é toda a axuda do mundo quedar sen praza nunha escola infantil e non dar completado os trámites para o bono concilia.

En fin, tamén quería dar dúas respostas máis ao señor voceiro do Partido Popular: é evidente que aumentou o orzamento da Risga, porque aumentaron tamén as necesidades de exclusión social. E, aínda así, a Risga en 2018 non chegou ao 2 % da poboación en risco de pobreza. Acabamos de ver ese informe —fonte pouca sospeitosa de non tela en conta o Partido Popular— e hai 300.000 persoas que non teñen colchón de haber unha nova crise.

Creo que era o señor Leiceaga quen falaba dese dato triunfalista do aumento da renda per cápita, pero é que sempre esquecen que diminuíu a poboación. Supoño que por aí iría a cuestión que lles quere comentar.

Eu si direi que teñen proxecto. ¡Claro que teñen proxecto! Teñen o proxecto que describimos, o da privatización, do recorte dos servizos públicos e do abandono da gran maioría social deste país.

As medidas que propoñemos —díxeno na primeira intervención— son un gran pacto coa sociedade civil, son que a Xunta apele a esta cidadanía, a este pobo mobilizado, que é un dos máis mobilizados do Estado. Ten a maior conflictividade laboral, hai unha grande actividade das asociacións ambientalistas, das asociacións en defensa do ferrocarril, en defensa do patrimonio, do persoal sanitario comprometido coa sanidade pública. Que o Goberno galego apele a esa sociedade civil e que deseñe a estratexia de cara á próxima década, é algo moi sinxelo —moi sinxelo se hai vontade, claro—. E nós cremos que non facelo, non aceptar estas propostas que propoñemos, estruturais, que van na medida de facer mapas, de facer proxectos que vaian estruturados en planos e orzamentos —que é o que lles falta ás propostas do Partido Popular— dan medida de que o Goberno non está seguro da súa fortaleza, porque chega ao último ano da lexislatura cos deberes sen facer. Non teñen as residencias, non teñen as garderías en polígonos —gran fracaso desa medida—, non teñen a lei de impulso demográfico aínda aquí, neste Parlamento, non teñen a recuperación do emprego, non se adiantou a transición enerxética, estamos nunha crise industrial, nunha crise agrogandeira, con conflitos na sanidade, no ensino e no sector da atención á dependencia, e nunha crise ecolóxica. As medidas parche non valen, apelen a esa sociedade civil.

E, señor Feijóo, vostede referiuse no seu discurso a que Galicia era unha familia. Non somos unha familia, somos unha comunidade política que ten institucións propias que, malia a súa



escasa autonomía, poden regular o seu nivel de ingresos. Non teñen por que dicir que é unha familia na que os seus membros corren a mesma sorte ou desgraza. (*Murmurios.*) Non, poden regular o seu nivel de ingresos, poden facer políticas que rescaten a maioría social, en lugar de que nunha década... —Hai moito rebumbio que despista un pouco, señor presidente.— ...en lugar de que nunha década diminuíra a porcentaxe que os salarios ocupan no PIB. Esa é a década Feijóo.

Nós facemos esas propostas. As propostas de resolución do PP non nos sorprende que veñan no mesmo sentido que todos os anos. Hai compromisos sen prazos nin vontade de ampliación orzamentaria, que a Xunta xa debería ter posto en marcha. Ano a ano, a mesma propaganda e autobombo: autobuses de coidado porta a porta cando non son quen de comprometerse en serio co reforzo dos servizos sociais comunitarios; segundo orientador nalgúns centros educativos, e néganse a tratar a importancia da educación social nos centros de ensino; agora si que se comprometen cun protocolo específico de atención a persoas maiores, negárono por proposta de En Marea en 2017 —a persoas maiores que viven soas—; un apoio retórico á innovación —están por debaixo dun 1 % en investimento en I+D+i, cunha caída deste durante a década Feijóo—; hai unha proposta de miseria de aumento orzamentario para a atención primaria cando teñen medio país en guerra contra a escaseza de persoal nos PAC e nos centros de saúde —especialmente no rural e nas vilas medias—; agora falan de banco de terras, agora si, e de fomento do pastoreo, cando levan unha década abandonando estas políticas.

En fin, son medidas propaganda ás que, aínda así, imos votar a favor. Si, si, imos votar a favor dalgunhas, como, por suposto, a de reclamar os millóns de euros que nos debe o Estado, claro. O que lamentamos é que, cando gobernan vostedes no Estado, non teñan a mesma política de exixencia.

Coas nosas propostas tampouco foron quen de transaccionar, nin sequera de comprometerse con algo tan básico como atender á extensión da rede comunitaria de atención temperá —somos a comunidade autónoma con menor extensión desta rede no territorio—, o que lles custaría pouco máis de dez millóns de euros.

Nós en ensino propoñemos deixar os parches e apostar pola universalización do ensino de 0 a 3 anos. ¡Se é que, ademais, o asinamos toda esta Cámara!, que asinamos o pacto pola infancia con Unicef e vén esa medida reflectida como algo ao que temos que aspirar.

Queremos ratios axeitadas no ensino, un aumento de persoal, unha mesa polo ensino rural, e cesar nos peches e no desmantelamento do ensino no medio rural. Tamén anunciaron esa lei para garantir a calidade na nutrición escolar. Está ben, pero estaría mellor que recuperaran a xestión directa dos comedores escolares e que se aprovisionaran en mercados locais.

En fin, sobre a lingua, tamén apelou á liberdade de vivir e poder falar na lingua que se queira, e que ía saír un estudo que ía mellorar os datos de coñecemento e de fala do galego. O estudo acabámolo de ver e confirma o retroceso da lingua falada, sobre todo na mocidade. Estase a vivir no noso país unha auténtica estranxeirización do propio idioma, e é que neste país,



nesta Galiza real, pois hai nenos e nenas que non entenden o galego, que lles preguntan aos seus compañeiros que si o entenden, cando escoitan un concerto en galego, que queren dicir algunhas palabras. Iso está pasando e néganse a velo. E é que a lingua retrocedeu na infancia 14 puntos nunha década, do 2003 ao 2013. Dese estudo ao que se referían acabamos de ver os datos, e non melloran, hai un estancamento. Case o 75 % dos nenos e nenas falan en castelán, ou máis en castelán que en galego. E iso é gobernar contra vostedes mesmos, porque, se teñen institucións propias, entre outras cousas é porque este país ten un idioma. E vostedes, cando falan do Xacobeo, apelan a que o Ano Santo é un dos sinais de identidade de Galicia. Si, claro, un dos sinais de identidade de Galicia. ¿En que idioma falaba a xente e cal era o idioma da cultura e de prestixio internacional cando na Idade Media estaban no maior esplendor as peregrinacións? Igual non o saben, pero desligar o apoio á lingua galega do Xacobeo é un ridículo internacional. Que un Goberno estea estranxeirizando o propio idioma no país mentres di que o Xacobeo é a súa medida estrela é un ridículo internacional. (Aplausos.) ¡En fin...!

Sobre violencia de xénero, claro que estaremos de acordo se impulsan un pacto galego contra a violencia de xénero, claro que participaremos, claro que faremos propostas. Como lles dixo toda a oposición: con cronogramas, con orzamento, e con menos declaracións. Pero ¿saben por que non podemos apoiar a súa proposta de resolución? Porque non estiveron de acordo en quitar, como xa lles expresaron aquí, o de poñer no mesmo nivel a condena dos negociacionistas do machismo e os supostos enfrontamentos e intentos de patrimonialización partidista do feminismo. Están frivolisando, están frivolisando poñendo ao mesmo nivel a VOX e os supostos enfrontamentos dunhas mulleres con outras —como dixo vostede, señor Feijóo—. Pois non, en violencia machista estaremos aí con cronograma, con orzamentos, con propostas serias, non con propostas de resolución que son partidistas, dende logo que non.

En emerxencia climática non imos apoiar a súa resolución sobre a emerxencia climática porque poñen o horizonte do 2050 e nós propoñemos o de 2040, que é o avalado polos criterios científicos dunha entidade tamén pouco sospeitosa, como Greenpeace. Propoñémoslle o 2040 tamén, porque o feito de que a Unión Europea liderase en 2040 a consecución da neutralidade climática, sería un elemento que permitiría chegar a iso no 2050 en todo o mundo. Se non o lideramos, é imposible.

Venezuela e terrorismo. Nós non queremos frivolisar, sempre, sempre apoiamos os dereitos das persoas das comunidades galegas nos países como Venezuela. Niso sempre estivemos de acordo. Non apoiamos, dende logo, que frivolicen con cuestións como o terrorismo.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Nós somos pacifistas. E, por iso, leccións de política internacional de quen apoiou a guerra de Iraq, cero, ¡cero! Somos pacifistas e defendemos medios políticos, medios pacíficos, para a consecución de obxectivos políticos. Por iso non queremos frivolisar.

Apoiaremos, por suposto, todas as resolucións que vaian —e nós tamén temos— por unha democratización dos medios públicos galegos, polo cumprimento da propia lei. Aquí, no



noso país, é revolucionario pedir cumprir as leis —nestes 71 venres negros—. Apoiaremos todas as que dignifiquen a memoria democrática das vítimas de 1936, do franquismo, ata os últimos fusilamentos do franquismo, dos que hoxe se cumpre o 44º aniversario. E apoiaremos a participación, por suposto, de Galicia no *posbrenxit*.

Pero estamos apelando a que vostedes, como Xunta, apelen a esa cidadanía, a esa cidadanía mobilizada, a esa cidadanía que os cuestiona, e a que fagan un pacto de verdade con todas e todos nós para os seguintes dez anos fronte a ese cadro deformado da realidade galega do decenio negro de Alberto Núñez Feijóo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Mire, vai todo tan ben, tan ben, señor Tellado, na Televisión de Galicia, tan ben na corporación dos medios públicos deste país, que levan as traballadoras e os traballadores 71 venres, ¡71 venres!, mobilizados (*Aplausos.*) —a primeira vez na historia da corporación dende hai máis de trinta anos— para dicirlles a vostedes que non teñen vergoña, que non teñen vergoña, que aprobaron aquí unha lei que agora incumpren de maneira absolutamente obscena e inadmisibile.

Falábase antes, recordando aquel acordo, de que queda demostrado despois de todos eses anos, oito anos despois, que a palabra desta xente non vale nada, non vale nada, e aínda llela seguen crendo.

Falaba o señor Tellado de violencia machista. Intentaba darnos leccións aquí a todos, e daba golpes de peito, a mesma persoa que nos dicía —e hai que lembralo porque eu creo que a memoria é bo refrescala de vez en cando—, no marco da folga feminista, da folga internacional do 8 de marzo: «*La huelga de mujeres es lo más machista que se puede hacer*». (*Aplausos.*) Esa é a persoa que vén aquí dicirnos e darnos leccións de cal é o compromiso do BNG coa violencia machista e cos dereitos das mulleres. ¡Non nos veñan dar aquí absolutamente lección de nada, señor Tellado, de nada!

Fálase do pacto. O pacto galego contra a violencia machista debe ser a cousa máis manida, de verdade, a máis manida desta lexislatura. O BNG é a única forza política neste Parlamento que presentou as súas propostas para empezar a negociación, a única forza política. (*Aplausos.*) E estamos esperando a que se convoque esa comisión de igualdade, que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que... (*Fortes murmurios.*) que dixo a señora presidenta da Comisión de Igualdade que estaría rematado ese plan de traballo no primeiro trimestre de 2019. A única forza política que presentou propostas foi o Bloque Nacionalista Galego (*Aplausos.*), para empezar a negociar cales van ser os acordos, cales van ser o acordos e os avances políticos que necesita este país para seguir á vangarda da loita contra a violencia machista.

¿Cales van ser os acordos? Díxeno na miña primeira intervención e vou repetilo outra vez: estamos fartas, ¡fartas absolutamente!, de promesas incumpridas, e de pactos e de acordos,



como aos que se ten chegado aquí nesta Cámara, que se usan única e exclusivamente para lavar a cara, única e exclusivamente. Porque despois non hai compromiso orzamentario nin se avanza no cumprimento dos acordos aos que se chega.

O que non se pode dicir é, por un lado, que hai que traballar no avance da coeducación e despois manter os centros que segregan o alumnado por aulas. *(Aplausos.)* ¡Iso é cinismo político, puro cinismo político! É absolutamente inadmisibile que se siga aportando cartos públicos para financiar centros que separan as mulleres dos homes nas aulas. ¡Iso é puro cinismo político! ¡Puro cinismo político, señor presidente, puro cinismo político! *(Aplausos.)* Ademais, blindárono ata 2023, ¡ata 2023! Reformaron, ademais, a lexislación coa LOMCE para legalizalos despois dunha sentenza do Tribunal Supremo que os declaraba en contra do que establecía a lexislación ata ese momento. Pero de cinismo político imos bastante servidas, eh!, bastante servidas en materia de violencia machista. ¡Bastante! ¿Por que non apoian vostedes a proposta de resolución do Bloque Nacionalista Galego, que pide que se condenen os pactos coa extrema dereita que nega que exista un terrorismo machista? *(Aplausos.)* Se tanto é verdade que vostedes o que defenden é precisamente poñerse do lado contrario desas forzas negacionistas, ¿por que non apoian esa proposta de resolución? Son, de verdade, uns cínicos, ¡uns cínicos absolutamente!

Pero é o mesmo co da violencia, na última, na 40, na proposta de resolución 40 do Partido Popular, sobre a condena do terrorismo. Aquí, os mesmos que van de ganchete con quen nega que existe un terrorismo machista pretenden intentar manipular a realidade e intentar facer crer que existe algún tipo de violencia política neste país. *(Murmurios.)* O que intentan vostedes non é chegar a un acordo coas demais forzas políticas en contra do terrorismo. Todas as forzas políticas aquí representadas, ¡todas!, todas rexeitamos e condenamos historicamente calquera forma de violencia. *(Aplausos.)* E estivemos xuntos sempre niso. ¿Por que intentan separarnos agora? *(Fortes murmurios.)* Porque o obxectivo non é chegar a un pacto ou chegar a un acordo e condenar calquera forma de violencia. Non, o que hai é un intento por criminalizar o nacionalismo e o independentismo. Iso é o que vostedes intentan. *(Fortes murmurios.) (Aplausos.)* E aí, aí, non nos terán nunca. Terannos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio, señor Pazos, silencio!

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Aí terannos sempre en fronte. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu sei perfectamente con quen estou, non sei vostede. ¡Non sei vostede!

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Pazos; se non, terei que chamalo á orde. Silencio, non quero chamar á orde a ninguén.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Decía o señor Tellado que o Bloque Nacionalista Galego estaba no pasado. Eu creo que quen está no pasado e non acaba de enterarse das últimas noticias é o señor Tellado. Decía non sei que dos apoios aos gobernos, ao Partido Socialista... O único que levaba os últimos meses querendo ser muleta do Partido Socialista para formar un goberno no Estado español era o señor Alberto Núñez Feijóo *(Aplausos.)*, e o Partido Popular ofrecéndose a esa *grosse koalition*, a esa gran coalición. ¡Pediuno vinte veces! *(Aplausos.)* A



pena é que non lle fixeron caso, presidente. *(Risos.)* Non sei, terá que facer... *(Risos.)* *(Fortes murmurios.)* Eu non sei se lle facemos máis caso nós que o presidente do seu partido, non o sei. Veremos. Haberá que facer unha enquisa en xornais dixitais, que parece que é a fonte de información e o medidor que usa agora o señor Tellado para albiscarlle un próspero futuro prometedor político neste país. *(Aplausos.)* Espero —dígollo francamente— que use vostede algún outro medidor que non enquisas entre a audiencia dos xornais dixitais. Agora xa non é nin o CIS de Tezanos, agora son as enquisas dixitais de *La Voz de Galicia*. Eu espero que use algunha outra fonte. *(Murmurios.)*

E unha última cuestión. O que intentan sempre cando non hai argumentos é disparar contra todo, e obviamente intentan ridiculizar e intentan manipular absolutamente a realidade. E o señor Tellado falaba da tarifa eléctrica galega. Hoxe, estes días —eu supoño que vostedes son persoas lidas, persoas que len a prensa todos os días—, verían que as galegas e os galegos imos ser os que paguemos a factura máis cara do Estado español. *(Aplausos.)* Aí si que non lles importa que exista asimetría.

¿Por que atacan vostedes unha forza política que pon propostas enriba da mesa para reducir o custo da enerxía e o prezo da luz para as familias, para as empresas e para as industrias deste país? Veñen atacar aquí a quen defendemos baixar o prezo da luz e non din absolutamente nada de que as galegas e os galegos teñan que asumir a factura máis cara do Estado español, e unha das facturas máis caras de Europa, polas súas grandes ideas, polas súas grandes ideas. Porque repercute sobre todas as consumidoras e todos os consumidores o canon que impuxo o Goberno da Xunta de Galiza.

Nós insistimos —e con isto xa remato, presidente— na mesma idea que dicíamos ao comezo: temos que encarar os retos que temos por diante, temos que facelo con decisión, temos que facelo cunha axenda política clara e, sobre todo, co convencemento de que neste país podemos vivir mellor, que non podemos caer na resignación. Pero para iso fan falta propostas políticas que non son as que presentan vostedes nas súas propostas de resolución.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Benvido, señor Feijóo. ¡Que sorte velo por aquí! Teño que dicirle que nos gusta moito máis velo aquí sentado que de ganchete do «trío de Colón». *(Murmurios.)* É unha sorte.

Entenderán que non vou destinar un minuto do tempo a replicarlle nada ao señor Tellado. Con quen non quere diálogo non se pode, con quen sobe aquí a gritar e a desprestixiar a oposición non se pode. O diálogo require escoita, o pacto require escoita. E iso é algo que non sei se na bancada do Partido Popular, pero dende logo si falta na voceiría do Partido Popular.

Sobre a mesa vemos que hai dous modelos fundamentais: o de que nada cambie, o que só defende o verde do dólar ou do eucalipto, ou un modelo que fala de progreso e de benestar



para a maioría social. Así poderán entender os nosos votos de hoxe, que, aínda que poderíamos discutir moitos matices, son coincidentes no trazo gordo cos grupos da oposición, e por iso imos apoialos, en clara oposición ao modelo que os pretende impoñer o Partido Popular de que todo siga igual, porque ou ben son meras declaracións de intencións que non comprometen absolutamente a nada —e diso xa estamos fartas— ou ben insisten en repetir as vellas políticas que nos trouxeron a esta situación, vellas políticas incapaces de resolver os problemas da Galicia de hoxe. Nós queremos pactos sobre compromisos serios. Así que apoiem o 1 % do orzamento para políticas de igualdade, aí ímonos encontrar, ese é o consenso social. Os que faltan son vostedes. O consenso social está en reducir as emisións agora, ¡súmmense vostedes!, o consenso está, son vostedes os que insisten en situarse fóra do consenso.

Diciáo antes: o «non» ás nosas propostas non é un «non» ao noso grupo parlamentario, é un «non» a toda a xente que defende outro país posible, máis feminista, máis verde. O que defendemos nas nosas propostas de resolución é unha batalla directa contra a precariedade que estenderon en todos os ámbitos das nosas vidas, que fai, por exemplo, que este sexa o país que máis ansiolíticos consome en todo o Estado. E quero citar isto porque o señor Feijóo dixo o outro día que el durmía moi ben, como durmían ben todas as galegas e os galegos; igual todos os que necesitan atención psiquiátrica, que non chega, non dormen tan ben. (*Aplausos.*)

Vostedes levan unha década replicando as mesmas políticas, vellas políticas que hoxe o señor Tellado insistiu en repetir, malia que os resultados son claros: unha década perdida no que se refire á xeración de riqueza. Porque nos dez anos do seu goberno, señor Feijóo, a economía galega estivo catro en recesión e dous estancada, algo que non sucedera nunca na nosa historia recente. O resultado é que o nivel de riqueza que ten hoxe Galicia, medida a través do PIB, é practicamente o mesmo que tiñamos en 2008.

Señor Feijóo, vostede ten a responsabilidade de que Galicia medrara por debaixo da media en que o fixo o conxunto do Estado, un 0,43 % fronte ao 0,37 % que medrou este país. E fíxense: isto non acontecera nunca, porque nos trece anos de goberno de Fraga a economía galega medrara nun 25 %; nos catro anos de goberno de Touriño, xa ao final, baixo os efectos desa recesión, a economía medrou un 15 %; pois na década de Feijóo a economía soamente medrou un 4 %. Vostede ten o peor resultado na xestión económica da historia recente do noso país e veñen aquí sen traer unha soa proposta novidosa; unicamente veñen sacar do caixón políticas desarrollistas propias dos anos sesenta e encomendan o futuro da nosa economía á milagre xacobeá.

Pero, claro, a vostedes vailles ben; a quen non lles vai ben é aos milleiros de persoas que perderon o emprego deste país. Porque, señorías —diciámolo antes—, hoxe hai menos persoas traballando en Galicia que cando Feijóo chegou ao goberno. ¿Trouxo hoxe Tellado algunha proposta para eles? ¿Dedicou un minuto para falar sobre eles? ¿Trouxo algunha proposta para falar de reactivación industrial, para a loita contra a precariedade ou para reducir a fenda salarial? Non, porque iso non lles interesa. E o que van facer é non só non traer propostas, senón votar en contra das propostas da oposición, (*Aplausos.*) como van votar en contra de blindar dereitos fundamentais, como a sanidade e o ensino, despois de toda unha década de duros recortes. Honestamente, isto xa non pode entenderse como falta de com-



petencia. Enténdese porque vostedes están en contra dos servizos públicos. Vostedes sempre defenderon a privatización e non van cambiar agora; o único que lles falta é a ousadía de subir aquí e dicilo claramente.

Señor Feijóo, vostede dixo o mércores que tiñamos a mellor sanidade do mundo, pero, mire, esa opinión non é compartida polas enfermeiras, polas médicas, por todos os profesionais que traballan na saúde día a día. É unha vergoña que veña dicir aquí iso cando aí fóra están as enfermeiras en loita, cando as persoas responsables da xefatura de servizo dimiten, cando os profesionais de primaria convocan a folga. Non se pode dicir iso ao mesmo tempo que aplica a tesoura incansablemente. Vostede recortou entre o 2009 e o 2017 o gasto público en termos reais nun 22 %. A cifra é tan tremenda que non se pode explicar máis que cun obxectivo claro: aplicar as políticas neoliberais do Partido Popular, reducir o tamaño do sector público en beneficio das empresas que fan negocio cos nosos dereitos. *(Aplausos.)*

Señor Feijóo, vostede recortou 900 millóns de euros entre a sanidade e o ensino, pero estes recortes aínda foron máis duros nas dúas caras máis duras da crise: no emprego e na vivenda. Vostede recortou o 68 % dos fondos dispoñibles para vivenda e recortou o 58 % do diñeiro que se destinaba á política de emprego. Penso que non é cousa para rir. De feito, a única partida de gasto que vostede fixo aumentar foi a da amortización dos préstamos e as entidades financeiras; iso si que creceu un 400 %. En dez anos Feijóo déixanos tres veces a débeda que se atopou cando chegou ao Goberno.

Estabilidade ¿para quen? ¿Como veñen aquí falar de estabilidade? ¿Estabilidade para os bancos, que teñen sempre un negocio seguro, para que os vaia rescatar o Partido Popular? Eu penso que a xente non quere falar deste tipo de estabilidade. O que precisa son certezas, esperanzas e compromisos con políticas que nos permitan adaptarnos aos retos do futuro, os retos económicos, sociais e medioambientais do século XXI; certezas de que non van ter que volver pagar a factura da corrupción, certezas de que os seus dereitos fundamentais van ser protexidos en todo momento, pensen o que pensen, amen a quen amen ou voten a quen voten; certezas de que os seus gobernos van estar sempre do lado da dignidade, da defensa dos dereitos humanos, da acollida ás persoas que escapan da violencia, da defensa da memoria histórica democrática.

Díxose antes: hoxe cúmprense corenta e catro anos dos últimos asasinatos do franquismo; corenta e catro anos sen memoria, sen xustiza e sen reparación. Hoxe, cando pantasma do pasado ameazan con volver tomando concellos, paseando do seu ganchete por Colón — señor Feijóo, porque vostede foi alí facerse fotos, volveu de Nova York facerse fotos co trío de Colón —, urxe recordar a débeda que temos todos contraída coas persoas que perderon a vida defendendo a democracia, loitando contra o franquismo. *(Aplausos.)*

Por iso hoxe sería un día fermoso para aprobar un plan integral da memoria histórica democrática e retomar unha lei galega de memoria histórica democrática. Compromiso, por suposto, co que non imos escatimar un euro en loitar contra as violencias machistas, que imos poñer recursos, non só palabras, que imos poñer todas as administracións a traballar na sociedade igualitaria que precisamos, en todos os eidos: no mundo laboral, nas relacións afectivas, nas escolas, escolas nas que formemos unha futura xeración de persoas libres e iguais, nas que as nenas e os nenos de Galicia aprendan e valoren a nosa lingua.



A xente quere certezas de que este país é un bo país para vivir e ter fillas e fillos. O señor Feijóo díxonos o mércores que estaba moi preocupado por este asunto e que estaba moi comprometido coas medidas demográficas —así as chamou: «medidas demográficas»—, que son claramente medidas de conciliación para as mulleres que teñan máis de dous fillos. Iso si, parece que a súa gran proposta en materia demográfica é a de sempre: que as mulleres vaíamos á casa parir fillos e coidalos. ¡É escandaloso!, (*Aplausos.*) impropio do presidente da Xunta de Galicia. Teño que dicirlle que as súas propostas nesta materia nos avergoñaron. (*Murmurios.*) ¿Como se pode vir a este Parlamento defender como unha gran proposta para loitar contra a crise demográfica que se van cubrir os parques infantís? (*Murmurios.*) É que resulta difícil ata valoralo. E logo vemos as súas resolucións e traen axudas para familias de máis de tres fillos... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ¡Póñense moi nerviosos! (*Murmurios.*) É que non sei por que non respectan o turno de palabra. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio todos. (*Murmurios.*) Todos silencio. (*Murmurios.*)

Silencio todos, por favor. (*Murmurios.*) Estamos rematando. Eu comprendo que estamos cansados, pero calma, un pouco de calma. (*Murmurios.*) E sobre todo respecto a quen estea no uso da palabra, por todas as partes; se non, suspendemos o pleno. (*Murmurios.*) ¡Home claro! É que, se non, así é imposible.

A señora CHAO PÉREZ: Hai moitas...

(*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Non, vostede non é a primeira, señora Prado, por favor, ¡silencio!

A señora CHAO PÉREZ: Hai moitas señoras e señores do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Prosiga, señora Chao. (*Murmurios.*)

¡Silencio!

A señora CHAO PÉREZ: ...que desexan falar. Agora, desculpen, non é o seu turno.

Teño que dicirlles que as súas propostas —iso— preocupáronnos; e agora lemos as resolucións e aínda nos preocupan máis, porque a súa gran resolución é para familias de máis de tres fillos. Pero, señores do Partido Popular, ¿vostedes saben en que país viven? ¿Cantas familias coñecen que teñan tres fillos hoxe? Nós imos ser moi claras ao respecto: a gran medida para loitar contra a crise demográfica chámase acabar coa fenda salarial. A gran medida para loitar contra a crise demográfica chámase igualdade. E a segunda gran medida chámase socialización do sistema de coidados: prazas públicas gratuítas escolares de 0 a 3 anos, prazas públicas para todos os maiores nos centros de día, cobertura e responsabilidade pública



do sistema de coidados, que durante séculos nos ten condenado as mulleres á invisibilidade absoluta. Exiximos todos os dereitos para todas as mulleres. E sobre isto vostedes non queren apoiar as nosas propostas.

Compromiso co emprego de calidade, para as que están e para as que tiveron que marchar, compromiso coa industria e co sector naval. Sobre isto falan as nosas resolucións, compromiso ante todo co ben común, co medio ambiente, coa auga, co aire, coa cultura e o patrimonio. E para iso hai que botar abaixo a súa Lei de rehabilitación, un auténtico atentado ao patrimonio.

Eu penso que un goberno pode permitirse moitas cousas —témolo visto—, pode permitirse vir aquí e ignorar o Parlamento unha e outra vez; o que non pode permitirse é seguirlle fallando á súa xente.

Señoras e señores deputados, hoxe podíamos saír de aquí cunha mensaxe clara: que imos seguir traballando incansablemente para que todas as persoas que están aí fóra e senten que o Goberno lles está fallando van ter respostas. Pero vostedes insisten en dicir que non, insisten en aplicar a soberbia dunha maioría absoluta insensible ao sufrimento que causan as súas políticas. Mais isto non é eterno, todo o contrario, temos o convencemento de que falta un ano para que a xeración que vostedes expulsaron deste país volva gobernalo, xente competente, comprometida, sen pesadas mochilas privadas, sen negocios escuros, comprometida coa igualdade, coa xustiza, coa beleza e coa vida.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día de novo.

Tamén quero saudar os convidados que están connosco neste pleno importante.

Vou empezar por aclararlle unha cuestión, señor Tellado —moi rapidamente—: a nós párecenos que o problema principal que ten hoxe un sector importante dentro da pesca galega é a cuestión do *brexit*, e a isto dedicámoslle unha proposta de resolución, que, por certo, pactamos con vostedes, xustamente o sector da pesca no *brexit*. (*Aplausos.*) Pero voulle dicir máis: non é só que pactamos con vostedes, senón que das trinta propostas de resolución que están transaccionadas nós participamos en máis de dous terzos das mesmas; somos o grupo que máis participa; polo tanto, polo menos recoñézanos isto.

En relación co debate, a ver, eu xa sei que citar a VOX pois pode ocasionar un problema, e tampouco quero abusar dese recurso, que acaba sendo un recurso. Pero teño que dicir o seguinte: cando se pon en cuestión o noso compromiso —digamos— co autogoberno, o noso compromiso autonomista —como se ten feito desde aí—, teño que dicirlle que, claro, os que están apoiando os seus gobernos nun partido que declaradamente está contra a Constitución



e o Estatuto nesa materia —digamos que está en contra do proceso de descentralizador que está en España— é o Partido Popular, que está gobernando en Madrid con eles. *(Aplausos.)*

Fíxese —é unha cuestión hipotética, non vai suceder—: se houbera un goberno en España do Partido Popular apoiado en VOX, ¿están vostedes seguros de que a reforma do modelo de financiamento autonómico vai ir na liña que dicimos nós en Galicia e vostedes tamén, é dicir, nunha liña de maior autonomía? ¿Están seguros sequera de que determinadas reivindicacións —que nós compartimos— en relación coa reforma do modelo para que as entregas a conta estean garantidas, para que se resolvan outros problemas que están planteados aí, como vai na nosa proposta de resolución, ían ter eco nese goberno? Porque ese goberno ía ter unha deriva antiautonomista *(Murmurios.)* moi marcada.

E ten efecto xa. Non estou falando do que pasa en El Ejido, en Almería, non, non, non, neste mesmo Parlamento. Cando nós antes das anteriores eleccións planteamos unha axenda de autogoberno, o Grupo Popular dixo que non. E dixo que non porque —como recordaba o outro día o señor Feijóo— os votos de VOX en Galicia están no Partido Popular; iso foi o que dixo. *(Aplausos.)* E entón iso é o que pasa, esas son as consecuencias en termos políticos deste pacto que ten o Partido Popular coa ultradereita, único en Europa. *(Aplausos.)* Ese é o problema de decisións políticas que se adoptan.

Mire, falemos en serio. Eu quedei en falar moi rapidamente da renda per cápita, e o outro día dicíao o señor Puy: a renda per cápita agora é superior á renda per cápita no ano 2009; efectivamente, ten razón. Voulle dar outro dato: no ano 2005, cando ese maligno goberno do señor Touriño entra en exercicio, a renda per cápita en Galicia en relación coa media española estaba no 82 % e pico, cando abandona o Goberno está no 88 %, ¿vale?; agora estamos no 90 %..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* si, no 90 % e un pouquiño; si, si. Pero, fíxese vostede —como antes recordaba a señora Vázquez Verao—, si, a renda per cápita é numerador e denominador. Se temos en conta a caída demográfica de Galicia e pensamos que Galicia simplemente ten o número de nenos igual que en España, resulta que esa renda per cápita non tería aumentado, teríase estabilizado. Por tanto, estamos convertendo o que dicimos todos que é un problema, que é a regresión demográfica, nun éxito; converxemos porque temos menos nenos, e ese é o grande éxito do señor Núñez Feijóo. É exactamente así. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non me discuta iso porque non vai ser posible. *(Risos.) (Aplausos.)* Non me discuta iso porque non é verdade.

Pero, dito isto, a nós alégranos que a renda per cápita... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non os interpele, non interpele, señor Fernández Leiceaga; se non, van responder por vostede. *(Murmurios.)*

Non, non, quero dicir: non se dirixa moito a eles; se non, é un problema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se estou moi atento ao que di, moi atento, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pero digo que non lles consulte porque, se non, é un problema.

Continúe. Cando queira.



O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: A nós preocupánnos os problemas que teñen os cidadáns, e un problema grave ten que ver coa situación da economía. E xa digo: nós non temos unha visión en branco e negro e sabemos que esta é unha cuestión extremadamente complexa. O que pasa é que nós non imos apoiar moitas das propostas do Grupo Popular, ¿porque estamos en desacordo cos desexos que alí se formulan? Non. Porque cremos que en termos políticos, ademais dos desexos, hai que poñer os medios, hai que poñer os prazos, hai que poñer as condicións. Se nós podemos dicir: estamos todos a favor da felicidade universal, que é basicamente o resume das propostas do Partido Popular, (*Murmurios.*) e estaríamos todos de acordo. Pero, ademais diso, hai que poñer bastantes outras cousas. Por iso non as imos apoiar. (*Murmurios.*) Non, pero hai unha segunda cuestión. Ademais, di: e en caso de que non se consiga a felicidade universal, reclamacións ao Goberno Sánchez. Iso é o que di o señor Núñez Feijóo. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

En materia industrial, señor conselleiro, desde o 2009 ata agora a perda que se produciu en España de todo o que non é emprego nos servizos, que houbo unha perda considerable en España, de todo o que non é emprego nos servizos, un terzo desa perda produciuse en Galicia, desde o ano 2009, non co Goberno Sánchez, desde o ano 2009. Algo terá que ver a Xunta de Galicia. Pero vostedes din: a crise industrial, o Goberno Sánchez. Nós dicimos: hai que facer unha colaboración entre gobernos para enfrontar isto e entón non falar só das empresas, que di o señor Tellado. Falamos tamén de Vulcano, falamos de Poligal, falamos de R, falamos de todas, non só das que di o señor Tellado, porque vostedes elixen unhas cantas e din: isto é do Goberno Sánchez. Non, non, pero falemos de todas, e aí podemos entender-nos.

Por iso dicimos que hai que facer un acordo por unha transición industrial xusta, e nesta transición industrial hai que falar dalgunhas cousas. Hai que falar dun Plan MOVE que non se executa, que tiña uns prazos de execución e aínda estamos por detrás do 2015. Hai que falar disto. Pero, claro, podemos dicir que queremos un futuro para o Eume e o Ortegá pero non licitamos nada do VAC da costa norte. Entón, aí temos un problema.

Falemos das infraestruturas, falemos do I+D+i. As cifras que dá o señor Tellado indican que Galicia está un terzo por debaixo da media española, que baixou nestes anos, un terzo por debaixo. Por tanto, temos aí un problema e temos que discutilo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*)

Imposible discutir con vostede. Vostede dixo o outro día algo que é unha absoluta barbaridade, como que é que a aportación ao PIB de Alúmina-Aluminio era o 30 % de Lugo, que é unha absoluta barbaridade, e volveu repetilo despois. (*Murmurios.*) Con esas cifras non se pode discutir, simplemente, señor Feijóo, ¡que lle imos facer! (*Murmurios.*)

Pero... Non, non, falemos de máis cousas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Despois fala vostede. Silencio. Silencio.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Falemos de solo industrial e, sobre todo, hai que encaixar isto nunha transición enerxética, que non é un problema do Goberno Sánchez, é un problema



de todo o mundo, da Unión Europea, é un problema que todos sabemos que temos que enfrontar. ¿Como facer isto? Pois, efectivamente, hai que facer unha transición, o cal significa tempo, esta transición ten que ser xusta. É dicir, a aqueles que van perder —porque hai xente que vai perder, como ocorre sempre nestes procesos— hai que darlles compensacións e saídas e hai que facer un plan para alí onde isto sexa especialmente virulento, especialmente gravoso, darlles un futuro. Pero cando imos ás Pontes, señor conselleiro, o que nos din é que vostede lles promete en privado facer un plan para os camioneiros e despois en cambio non ven nada disto.

Entón, nós dicimos: hai que comprometer todos os gobernos, pero todos, e poñer enriba da mesa aquelas cuestións que un di e que debe estar disposto a facer. É que había que ter preparado antes, señor Feijóo, porque isto dalgunha forma é un proceso que está en marcha desde hai bastante tempo e que non afecta só a España. En Portugal as dúas centrais térmicas que existen van pechar de forma moi inminente. E ten que ver isto... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, en Sines e non sei que—, e ten que ver xustamente con que hai un proceso europeo moi marcado. Sumémonos a el. E iso significa impulsar a enerxía eólica, impulsar as enerxías renovables, con decisión, non paralas, como estiveron paradas durante todo este tempo, e dar unha saída que, por exemplo, nas nosas propostas de resolución dicimos que cos lodos de depuradora, coa biomasa, con este tipo de residuos agrícolas hai que buscar, se é posible, valorización enerxética ligada ao complexo das Pontes e buscar por aí unha saída. Isto é o que dicimos. Agora, vostedes non van votar a favor desas alternativas, porque están noutra cousa: están na loita política contra o Goberno Sánchez.

Eu supoño que estará moi contento porque ten o apoio do 75 % —dicía o señor Tellado—, competindo con Ceaușescu, un pouco por debaixo pero por aí. (*Risos.*) Non, non... (*Aplausos.*) Pero o máis importante —e xa remato, señor presidente— é que a cidadanía de Galicia falou hai poucos meses e ese 75 % quedou nun 27 %. Se sumamos a Vox, efectivamente, gañaba vostede.

Moitas grazas. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Presidente de Galicia, Goberno galego, deputados.

Señor Leiceaga, voulle dar unha mala noticia: os deputados socialistas aplaudirono máis hoxe a vostede que o mércores a Gonzalo Caballero. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) E iso non é nada bo para vostede.

Mire, alégrame que vostede diga o que dixo: que o preocupan todas as empresas, porque a nós tamén. Pero os potenciais socios cos que a vostedes lles gusta gobernar onde non gañan as eleccións o que queren é pechar moitas empresas en Galicia. Esa é a realidade.



Mire, dicía Carmen Calvo: *el feminismo no es de todas*. Pois equivocácase, señora Carmen Calvo. O feminismo é de todas e o feminismo é de todos, de todos. *(Aplausos.)* E iso é o que eu quería dicir. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, rematamos aquí o último debate do estado da Autonomía desta lexislatura, un debate que nos ten permitido radiografiar a situación actual da política galega. *(Murmurios.)* Galicia marcha razoablemente ben da man dun proxecto político sólido, dun proxecto político moderado, dun proxecto político maduro e centrado, un proxecto avalado nas urnas non unha vez, senón tres: en 2009, en 2012 e en 2016, e un proxecto avalado tamén nos datos de evolución dunha Galicia que avanza, dunha Galicia que medra, dunha Galicia que manda e que lidera.

É verdade que temos retos por diante que temos que afrontar e que queda aínda moito traballo por facer, pero que hai un goberno e un grupo maioritario que ten a vontade de facelo.

E é verdade que a inestabilidade política de España supón un risco, un risco, e aí temos o reto de esquivar esa inestabilidade e evitar que a política galega se contaxie da frivolidade, dos extremismos e da vaidade persoal que caracteriza a política do señor Sánchez. É verdade que o Goberno de Sánchez é unha ameaza para Galicia, para a nosa economía, para o noso emprego, para a nosa industria. É verdade que o Goberno de Sánchez non resolveu ningún problema en quince meses; é máis, creou moitos problemas que non existían antes da súa chegada: problemas na automoción, no naval público, problemas na industria electrointensiva, agora nas centrais térmicas.

Lamentablemente, señor Caballero, claro que hai que elixir moitas veces en política, claro que hai que elixir entre Galicia e o partido. Vostede tivo que elixir e sempre elixiu o partido, sempre lle deu as costas a Galicia, sempre; ese é o seu historial político.

Vimos neste debate do estado da Autonomía un goberno con propostas, con ilusión; unha oposición frustrada, dividida, fragmentada, que segue batendo na mesma pedra durante os últimos dez anos. Escoitamos —eu creo que con tedio— as vellas propostas das catro esquerdas que hai en Galicia, que cohabitan nun mesmo espazo político sen seren capaces de poñerse de acordo en absolutamente nada; nada novo baixo o Sol. O rupturismo galego demostrou que seguen mantendo eses plantexamentos errados, seguen mantendo, a pesar de que o tempo ten posto a cada un no seu sitio, ese catastrofismo que predicán. Contradío permanentemente a realidade e, ademais, a realidade demostrou que todo o que dicían que ían facer, cando tiveron ocasión de facelo, nada diso fixeron. Son vostedes tan, tan, tan rupturistas que decidiron comezar por vostedes mesmos e hoxe estamos aquí con dous grupos das Mareas de Podemos, Mareas de Podemos. Non crean que poidamos aprendernos iso de Grupo Común da Esquerda, porque é moi difícil; vostedes sempre serán as Mareas de Podemos. *(Murmurios.)* Rupturismo galego, nada novo baixo o Sol.

Sobre o nacionalismo. A señora Ana Pontón demostrou que é a voz máis autorizada dun nacionalismo decimonónico, acomplexado, minifundista, autárquico, que defende propostas lesivas para Galicia, porque é o que defende o nacionalismo noutros sitios. Dá igual que fracasaran, dá igual que sexan malas para Galicia; vostede deféndeo porque é o máis nacionalista. Moito lles gustaría á señora Ana Pontón e aos seus crear os CDR na nosa comunidade



e enfrontar os galegos uns cos outros, como fixo o nacionalismo catalán. Non conte dende logo con nós.

É verdade que vostedes son moi críticos co Partido Popular, pero son moi compracentes e dóciles co Partido Socialista, con quen gobernan alí onde poden. Son tan, tan, tan nacionalistas que vostedes se someten ao seu socio, ao Partido Socialista, e por iso non teñen ningún problema en gobernar con eles nas deputacións, nos concellos, e probablemente por iso, señora Pontón, os galegos cren, cando hai eleccións xerais, que vostedes xa non son un interlocutor válido para representalos e para defender os intereses de Galicia nas Cortes Xerais. Siga así, porque canto peor lle vai ao nacionalismo, mellor lle vai a Galicia. Así que moitísimas grazas. Nada novo baixo o sol do nacionalismo galego.

E logo está o novo socialismo galego do señor Gonzalo Caballero, sucursalista de Ferraz. Sei que ao señor Caballero non lle gusta a miña conta de Twitter —dixo o outro día—. Eu alégrome e ademais é que o comprendo. Pero tamén lle digo que non lle queda nada que ler, non lle queda nada que escoitar. (*Murmurios.*) Teño que dicirlle que me motiva especialmente saber que non me segue, pero me le, cousa que é certamente graciosa. Aspiro sinceramente a que neste ano que lle queda aquí nesta Cámara vostede se converta nun *follower* da miña conta de Twitter, porque vostede ten moito de *follower* e nada de *influencer*. (*Murmurios.*) Vostede ten vocación de *follower*, porque practica iso, o seguidismo, o seguidismo político, o seguidismo a Ferraz, o seguidismo servil a Sánchez, traizoando a Galicia; esa é a realidade.

Pero claro que hai que elixir en política todos os días, señor Caballero, todos os días, e vostede sempre o fai mal e vostede sempre se equivoca porque cre que se é obediente a Sánchez a vostede —a vostede persoalmente— lle poderá ir mellor e non lle importa vender a Galicia; fíxoo sempre que tivo que elixir, sempre. Agora ten que elixir se está do lado dos que reclamamos 700 millóns de euros a Galicia ou se está do lado dos que lle negan os 700 millóns a Galicia. Eu xa sei lamentablemente cal é a resposta. ¿E sabe que pasa? Que o que os socialistas non lle quixeron pagar a Galicia o van pagar nas urnas.

Mire, Galicia non precisa *followers* de Sánchez, Galicia demanda liderados, un liderado, o de Alberto Núñez Feijóo. E véno demandando dende hai dez anos e foron moitos os que o intentaron antes que vostede e probablemente vostede consiga o mesmo resultado.

Vostede non me segue, pero eu a vostede si o sigo, e sigo de cerca porque eu son de Ferrol e en Ferrol coñecemos mellor que ninguén de que vai ese socialismo galego servil e submisivo a Madrid que vostede representa. Chamáronlle reconversión do sector naval e foi un desmantelamento do sector naval e agora chámalle transición ecolóxica e o que pretenden é achatar as centrais térmicas de Galicia, e nós non llo imos consentir; esa é a realidade. (*Aplausos.*)

E como si o sigo, vaime permitir que tome as súas propias palabras para referirme aos seus meses ocupando a Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE. ¿Que Pedro Sánchez nos nega os 700 millóns de euros a todos os galegos e as galegas? Caballero, chitón. (*Murmurios.*) ¿Que Pedro Sánchez non arranxa o problema das electrointensivas? Caballero, chitón. ¿Que Pedro Sánchez quere pechar as centrais térmicas? Caballero, chitón. ¿Que Pedro Sánchez quere pagar a débeda do porto de Valencia e non o da Coruña? Caballero, chitón. ¿Que Pedro Sánchez quere fundir



o sector da automoción? O de sempre: Caballero, chitón. ¿Que Pedro Sánchez atrasa un proxecto fundamental para o naval de Ferrol como son as fragatas F-110? Caballero, chitón. ¿Que Pedro Sánchez lle recorta a Galicia un 30 % nos orzamentos xerais deste ano, que afortunadamente paramos? Caballero, chitón. Pero, ollo, Caballero, chitón, no mellor dos casos, porque no peor, Caballero aplaude mentres Sánchez despreza Galicia. Ese é o seu historial político.

Señor Leiceaga, non marche moi lonxe, porque temo que os seus compañeiros de Lugo e da Coruña, o señor Valentín Formoso, reclame pronto a súa volta á escena política para resolver a desfeita que está a facer no partido Socialista o señor Gonzalo Caballero.

Señor Caballero, como compañeiros de tertulia que fomos vostede e mais eu nunha televisión autonómica, á que eu lle gardo, por certo, moito cariño, permítame un consello: cando teña que elixir, antepoña sempre Galicia. Galicia primeiro e o partido despois. Xa non somos tertulianos, somos actores políticos, e os galegos agardan moitas cousas de nós.

Señor Caballero, de secretario a secretario, (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) de secretario a secretario, eu creo que vostede actúa cunha soberbia política que non é boa nin para Galicia nin sequera para vostede mesmo. Unha soberbia que é inversamente proporcional á experiencia política que vostede ten. Recomendaríalle que escoite os galegos con humildade e que defenda sempre os intereses de Galicia. A verdade, señor Leiceaga, é que vostede aínda non marchou e xa o botamos en falta. Botámolo nós e bótao toda Galicia.

«Imbéciles e escuros non nos entenden, non.» , di Eduardo Pondal nunha das estrofas do Himno galego. (*Aplausos.*) Non serei eu quen chame imbécil a ningún rival político, pero o que queda claro é que nin o Goberno de Sánchez nin os socialistas galegos entenden a Galicia. Non entenden a Galicia os que lle negan a Galicia o que é de Galicia. Non entenden a Galicia os que teñen o deber de representala e de defendela e non o fan. Non entenden a Galicia os que tragan de ningunear o pobo galego, porque os galegos non queremos ser máis que ningún pero tampouco menos que ningún. Non entenden a Galicia os cómplices silentes de todos eses ataques e menosprezos a Galicia, colaboradores necesarios desa traizón. Non contén con nós para dar ao esquecemento, a inxuria e o rudo encono. Só os ignorantes, e fériados e duros, imbéciles e escuros non nos entenden, non.

Nós, señorías, estamos aquí traballando por Galicia, pola Galicia dos próximos doce meses e tamén pola Galicia dos próximos doce anos. Por esa Galicia das costas verdecentes, de verdor cinguido e valeroso clan.

Non teñan dúbidas, señorías, especialmente os socialistas, os bos e xenerosos a nosa voz entenden, e con arroubo atenden o noso rouco son. Non traizoen a Galicia, únanse a nós, porque todos xuntos, remando na boa dirección, conseguiremos que Galicia avance, que Galicia mande, que Galicia creza e que Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...lidere, e así, as nosas vaguidades, as do pobo galego, cumprido fin terán.



Moitísimas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado. Grazas.

Imos proceder á votación.

Perdoen un segundo que vou facer primeiro unha consulta. (Pausa.)

Votación das propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: Imos comezar a votación. Prégolles a todos un pouco de atención, se pode ser, máxima, porque temos que facer 63 votacións, o cal nos vai levar o seu tempo, e, se vai todo coordinado, irá mellor.

Votación das propostas de resolución transaccionadas

O señor PRESIDENTE: Imos votar primeiro as propostas transaccionadas. Farei referencia ao número e á proposta co grupo que se transacciona.

– *Votación da proposta de resolución 56478, resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Mixto sobre a proposta de resolución número 16 do G. P. Mixto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56479, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Mixto sobre a proposta de resolución número 8 do G. P. Mixto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por 74 votos a favor esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56480, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Mixto sobre a proposta de resolución número 37 do G. P. Mixto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56481, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Mixto sobre a proposta de resolución número 33 do G. P. Mixto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.



– *Votación da proposta de resolución 56482, resultante da transacción entre o G. P. Grupo Común da Esquerda e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 23 do G. P. Grupo Común da Esquerda.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56483, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Grupo Común da Esquerda sobre a proposta de resolución número 8 do G. P. dos Socialistas de Galicia.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 41; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56484, resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Grupo Común da Esquerda sobre a proposta de resolución número 7 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 54.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56485, resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Grupo Común da Esquerda sobre a proposta de resolución número 20 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56486, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Mixto sobre a proposta de resolución número 9 do G. P. Mixto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56488, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 5 do G. P. dos Socialistas de Galicia.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.



– *Votación da proposta de resolución 56489, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 31 do G. P. dos Socialistas de Galicia.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por 74 votos a favor esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56490, resultante da transacción entre o G. P. Grupo Común da Esquerda e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 35 do G. P. Grupo Común da Esquerda.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56491, resultante da transacción entre o G. P. Grupo Común da Esquerda e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 38 do G. P. Grupo Común da Esquerda.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56493, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia, o G. P. Mixto e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 29 do G. P. dos Socialistas de Galicia e a número 39 do G. P. Mixto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por 74 votos a favor esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56494, resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 9 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56499, resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 17 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; votos en contra, 10.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.



– *Votación da proposta de resolución 56500, resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 25 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por 74 votos a favor esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56501, resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 27 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por 73 votos a favor esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56502, resultante da transacción entre o G. P. Grupo Común da Esquerda e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 4 do G. P. Grupo Común da Esquerda.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56503, resultante da transacción entre o G. P. Mixto e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 31 do G. P. Mixto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; votos en contra, 10; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56504, resultante da transacción entre o G. P. Mixto e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 23 do G. P. Mixto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por 74 votos a favor esta proposta de resolución

Votación da proposta de resolución 56505, resultante da transacción entre o G. P. Mixto e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 33 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; votos en contra, 10; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución 56506, resultante da transacción entre o G. P. Mixto e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 35 do G. P. Mixto.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; abstencións, 10.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– Votación da proposta de resolución 56509, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 13 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 60; votos en contra, 4; abstencións, 10.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– Votación da proposta de resolución 56510, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 11 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; votos en contra, 4; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– Votación da proposta de resolución 56511, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 32 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70; votos en contra, 4.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– Votación da proposta de resolución 56512, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 23 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; votos en contra, 10.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón? Un momento, por favor, este é un tema que me dirán os Servizos Xurídicos esta cuestión.

¿A cal se refire? Á 56511. ¿Cal é o resultado da votación?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Co seu voto eran 74 a favor, logo. ¿Iso é posible? No é posible, di o letrado. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Nós facémolle caso aos letrados, noutros sitios a cousa é máis complicada. Non quero dicir nada, pero bueno.



Seguinte, seguinte. Non, imos á seguinte.

– *Votación da proposta de resolución 56513, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 31 do G. P. Popular de Galicia.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; votos en contra, 10; abstencións, 6. O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56514, resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 33 do G. P. Popular de Galicia.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; votos en contra, 16. O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución 56515, resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto sobre a proposta de resolución número 38 do G. P. Popular de Galicia e a número 28 do G. P. Mixto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 16. O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. Mixto

O señor PRESIDENTE: Agora comezamos coas votacións dos grupos parlamentarios segundo a solicitude que nos fixeron de votar por separado determinadas propostas de resolución.

Comezamos co Grupo Parlamentario Mixto.

– *Votación da proposta de resolución número 14 do G. P. Mixto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 54. O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución número 24 do G. P. Mixto.*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Perdón, eu teño a 24. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É que chegou unha notificación a última hora da mañá, onde a 30 se vai votar máis adiante, en concreto a 26 e a 30. Isto é o que me pasan os Servizos Xurídicos. Entón, eu agora, estou



procedendo só á 24 e, despois, máis adiante, vaise votar –en concreto no número 5– a 26 e a 30 xuntas. É así o que nos pasaron.

– *Votación da proposta de resolución número 24 do G. P. Mixto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 61; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. Mixto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 54; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

– *Votación das propostas de resolución números 25 e 32 do G. P. Mixto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas por 74 votos a favor estas propostas de resolución.

– *Votación das propostas de resolución números 26 e 30 do G. P. Mixto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

– *Votación das propostas de resolución números 1, 3, 11 e 21 do G. P. Mixto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 41; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

– *Votación das propostas de resolución do G. P. Mixto agás as xa votadas.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego

O señor PRESIDENTE: Agora votamos por separado as seguintes propostas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

– *Votación das propostas de resolución números 5 e 12 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.*



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 54.
O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

– Votación das propostas de resolución números 6 e 29 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 54.
O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

– Votación das propostas de resolución números 1, 2, 4, 8, 10, 11, 16, 21, 24, 26, 30, 33, 34, 35 e 38 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 41; abstencións, 13.
O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

– Votación das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.
O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. Grupo Común da Esquerda

O señor PRESIDENTE: Votamos agora por separado as seguintes propostas de resolución do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda.

– Votación da proposta de resolución número 5 do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.
O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por 74 votos a favor esta proposta de resolución.

– Votación das propostas de resolución números 2 e 32 do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 54.
O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

– Votación das propostas de resolución números 1, 3, 6, 7, 9, 14, 18, 22 e 26 do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 21; votos en contra, 41; abstencións, 12.
O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.



Votación das propostas de resolución do G. P. Grupo Común da Esquerda agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. dos Socialistas de Galicia

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora por separado as seguintes propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.*

– Votación das propostas de resolución números 3 e 37 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 47.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

– Votación das propostas de resolución números 2, 10, 16 e 40 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 41; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

– Votación das propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. Popular de Galicia

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora por separado as seguintes propostas de resolución do G. P. Popular.*

– Votación da proposta de resolución número 1 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 51; abstencións, 23.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– Votación da proposta de resolución número 2 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.



– *Votación da proposta de resolución número 12 do G. P. Popular de Galicia.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 4; abstencións, 29.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución número 16 do G. P. Popular de Galicia.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 51; votos en contra, 4; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución número 10 do G. P. Popular de Galicia.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 20; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución número 28 do G. P. Popular de Galicia.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 26; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución número 24 do G. P. Popular de Galicia.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 10; abstencións, 23.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución número 20 do G. P. Popular de Galicia.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 45; votos en contra, 10; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución número 26 do G. P. Popular de Galicia.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 45; votos en contra, 16; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

– *Votación da proposta de resolución número 39 do G. P. Popular de Galicia.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.



– *Votación da proposta de resolución número 34 do G. P. Popular de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 60; votos en contra, 4; abstencións, 10.
O resultado da votación é positivo.
En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.*

– *Votación da proposta de resolución número 30 do G. P. Popular de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 14; abstencións, 16.
O resultado da votación é positivo.
En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.*

– *Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. Popular de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; votos en contra, 10; abstencións, 10.
O resultado da votación é positivo.
En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.*

– *Votación das propostas de resolución números 4 e 25 do G. P. Popular de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 20.
O resultado da votación é positivo.
En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.*

– *Votación das propostas de resolución números 21 e 29 do G. P. Popular de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 45; votos en contra, 16; abstencións, 13.
O resultado da votación é positivo.
En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.*

– *Votación das propostas de resolución números 27 e 37 do G. P. Popular de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 47; votos en contra, 14; abstencións, 13.
O resultado da votación é positivo.
En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.*

– *Votación das propostas de resolución números 3, 6, 7, 8, 18 e 22 do G. P. Popular de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 14; abstencións, 19.
O resultado da votación é positivo.
En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.*

– *Votación das propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia agás as xa votadas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 20; abstencións, 13.
O resultado da votación é positivo.
En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.*




O señor PRESIDENTE: Remata aquí o Pleno do debate do estado da Autonomía e as súas propostas de resolución.

Grazas.

Remata a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

